

2.- Panorama xeral

2.1.- O territorio

Atendendo aos criterios sinalados no capítulo 1.- *Introdución: obxecto e método*, o ámbito territorial obxecto de estudo está composto por un total de 20 concellos: os once da comarca de Ferrol –Ares, Cedeira, Fene, Ferrol, Moeche, Mugardos, Narón, Neda, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño–, os cinco da comarca de Eume –Cabanás, A Capela, Monfero, Pontedeume e As Pontes de García Rodríguez–, e os catro de Ortegal –Cariño, Cerdido, Mañón e Ortigueira.

A superficie total do territorio analizado ascende a 1.554,3 km², o que representa o 19,5% da superficie da provincia de A Coruña e o 5,3% do total galego. Entre os vinte concellos considerados neste informe, cómpre salientar pola súa extensión os de As Pontes e Ortigueira, con 249,4 km² e 210 km², respectivamente. Pola contra, Mugardos e Ares, ambos na comarca de Ferrol, son os concellos menos extensos, con 12,8 km² e 18,3 km², respectivamente.

Dende o punto de vista da súa posición

xeoestratéxica, tal e como se pode apreciar no **mapa 2.1.1.**, Ferrol e a súa área de influencia é vértice de conexión entre o eixo atlántico e o cantábrico.

O concello de Ferrol constitúe, a pesar da situación que atravesia o sector naval e a súa incidencia na actividade económica e a evolución demográfica, o centro urbano de referencia para amplas zonas do norte de Galicia. De feito, os concellos de Ares, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón e Neda constituíron en xuño de 1971 a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, á que se incorporaron posteriormente Valdoviño (1977), Cedeira (2010) e Cabanás (2012). Segundo se recolle na páxina web do concello de Ferrol, esta Mancomunidade actúa como espazo de coordinación entre os representantes e técnicos municipais, incorporando progresivamente funcións e servizos de acordo cunha perspectiva de coherencia territorial, calidade e optimización de recursos.

Cara ao interior, e nun segundo nivel en canto á xerarquía de asentamentos con in-



2.1.1.

fluencia supramunicipal, o concello de As Pontes de García Rodríguez funciona como un subsistema urbano intermedio con potencialidade crecente para dinamizar os municipios limítrofes. Finalmente, as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) consideran nun terceiro nivel xerárquico de asentamentos ao concello de Ortigueira, calificado como un nodo para o equilibrio do territorio (**cadro 2.1.3.**)

O ámbito territorial obxecto de estudo está formado por un conxunto de concellos que presentan importantes diferenzas entre zonas urbanas e rurais, e por tanto en canto a características económicas e sociais. Atendendo ao seu grado de urbanización, que se define como o “tipo de localidade na que reside un individuo segundo o seu carácter urbano ou rural”, Ferrol e a súa área de influencia conta cun concello considerado

como zona densamente poboada¹ (Ferrol) e cinco como zonas intermedias² (Ares, Fene, Mugardos, Narón e Neda). Como reflicte o **cadro 2.1.2.**, o 62,4% da poboación de Ferrol e a súa área de influencia reside nos tres concellos considerados como ZDP e ZIP alta, que ocupan o 11,3% da superficie.

No que atinxe ás estratexias de renovación urbana, as devanditas DOT sinalan un eixo residencial e de natureza, que vai dende o

1) Zona densamente poboada (ZDP): conxunto contiguo de área local (concello) de densidade superior a 500 hab/km² e unha poboación total para a zona de alomenos 50.000 habitantes.

2) Zonas intermedias (ZIP): son o conxunto de áreas locais que non pertencen a unha zona densamente poboada onde cada unha delas conta cunha densidade superior a 100 hab/km² e, ou ben a poboación total da zona é superior a 50.000 habitantes, ou ben é adxacente a unha zona poboada densamente.

Informe sobre FERROL e a súa área

Poboación e superficie: distribución segundo graos de urbanización dos concellos

	Concello	Poboación a 01/01/2015		Superficie	
		(número)	(%)	(km ²)	(%)
Zona densamente poboada		69.452	35,4	82,7	5,3
	Ferrol	69.452	35,4	82,7	5,3
Zona intermedia		79.819	40,7	398	
ZIP alta	Fene	13.385	6,8	26,3	1,7
	Narón	39.565	20,2	66,9	4,3
ZIP baixa	Ares	5.743	2,9	18,3	1,2
	Mugardos	5.362	2,7	12,8	0,8
	Neda	5.261	2,7	24,5	1,6
	As Pontes	10.503	5,4	249,4	16,0
Zonas pouco poboadas		46.932	23,9	1.073	69,1
ZPP alta	Valdoviño	6.753	3,4	88,2	5,7
	Cabanas	3.299	1,7	30,3	1,9
	Pontedeume	8.011	4,1	29,3	1,9
ZPP media	Cedeira	7.062	3,6	85,4	5,5
	Cariño	4.167	2,1	47,2	3,0
ZPP baixa	Monfero	2.037	1,0	171,7	11,0
	Moeche	1.246	0,6	48,5	3,1
	San Sadurniño	3.009	1,5	99,0	6,4
	As Somozas	1.191	0,6	70,9	4,6
	A Capela	1.334	0,7	58,0	3,7
	Cerdido	1.233	0,6	52,7	3,4
	Mañón	1.454	0,7	82,2	5,3
	Ortigueira	6.136	3,1	210,0	13,5

Fonte: IGE

■ 2.1.2.

concello de Ferrol ata o de Cedeira (Ferrol, Narón, Valdoviño e Cedeira), e un sistema intermedio de centralidade urbana que pode xogar un papel de referencia e de identidade nun contexto de rexión urbana A Coruña-Ferrol. Os concellos de Ares, Mugardos, Fene, Neda, Cabanas e Pontedeume serían os municipios da área que estarían dentro desta segunda estratexia de renovación.

Ao mesmo tempo, cómpre destacar que cara ao interior os concellos de Moeche e A Capela están claramente vinculados ao patrimonio rural, existindo ademais un eixo económico Ferrol-As Pontes.

Planificación e ordenación territorial

O principal elemento de planificación e ordenación territorial que incide no conxunto da área analizada son as devanditas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT),

aprobadas definitivamente polo Decreto 19/2011, de 10 de febreiro. Estas constitúen o marco de referencia de planificación e ordenación territorial para o conxunto de Galicia sendo a súa finalidade a de definir un modelo territorial que permita orientar as actuacións sectoriais, dotándoas de coherencia espacial e das referencias necesarias para que se desenvolvan de acordo cos obxectivos xerais da política territorial galega.

Os **cadros 2.1.3.** e **2.1.4.** reflicten os 25 obxectivos prioritarios e o modelo territorial, cuxa estrutura básica se define a partir dun sistema xerarquizado de asentamentos articulado polas redes de infraestruturas e equipamentos, que se implanta sobre un medio rural que conta cunha biodiversidade e patrimonio cultural que hai que protexer e xestionar. Este sistema urbano queda configurado por catro niveis: o sistema de grandes cidades, o sistema urbano intermedio,

Obxectivos prioritarios das Directrices de Ordenación do Territorio

- a)** Lograr unha maior integración de Galicia cos ámbitos que lideran o desenvolvemento europeo e aproveitar as oportunidades asociadas a unha localización singular na fachada atlántica europea.
- b)** Contribuír á consolidación da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal e da Macrorrexión Galicia-Castela León-Norte de Portugal e afianzar o protagonismo de Galicia na plataforma atlántica para crear un ámbito de centralidade e desenvolvemento no noroeste peninsular.
- c)** Establecer os ámbitos supramunicipais de planificación e programación de infraestruturas, equipamentos e servizos para optimizar a súa oferta e racionalizar os procesos de desenvolvemento urbano e económico destes espazos.
- d)** Potenciar as principais rexións urbanas e áreas urbanas de Galicia, reforzando os seus diferentes perfís e artellar un sistema policéntrico de cidades coa fortaleza necesaria para liderar os procesos de desenvolvemento e innovación.
- e)** Consolidar unha rede de vilas e de pequenas cidades capaces de dotar dunha adecuada base urbana e de servizos o conxunto do territorio.
- f)** Potenciar os núcleos rurais de Galicia como célula básica do sistema de asentamentos e elemento identificativo do modelo de ocupación tradicional do territorio, outorgando prioridade á súa rehabilitación.
- g)** Impulsar procesos socioeconómicos que dinamicen as áreas rurais que máis acusan os efectos da crise demográfica e da despoboación.
- h)** Achegar referencias para o desenvolvemento de infraestruturas e equipamentos con criterios supramunicipais, orientadas a apoiar a configuración do modelo territorial proposto mediante unha rede xerarquizada que vertebre e articule a totalidade do territorio.
- i)** Establecer criterios para a consideración dos condicionantes ambientais, sociais e económicos nas iniciativas urbanísticas e sectoriais.
- j)** Proporcionar criterios territoriais e ambientais para a elaboración de plans e proxectos sectoriais e configurar as características dos plans territoriais integrados.
- k)** Consolidar a identidade e a singularidade das cidades e vilas de Galicia, apoiando os seus compoñentes de excelencia e impulsando proxectos que melloren a súa calidade urbana e a súa capacidade competitiva.
- l)** Establecer directrices estratéxicas para desenvolver os instrumentos de desenvolvemento rural, así como mecanismos de cooperación e colaboración urbano-rural sobre a base dun maior equilibrio entre o desenvolvemento urbano, o desenvolvemento rural e a protección de espazos abertos.
- m)** Aplicar o concepto e metodoloxías de desenvolvemento rural con enfoque territorial nas actuacións que se desenvolvan nos espazos rurais por parte dos distintos axentes sociais e económicos.
- n)** Contribuír a un modelo territorial que considere a vocacionalidade ou potencialidade do territorio na ordenación do medio físico soporte do modelo, analizando a súa capacidade de acollida para os distintos usos.
- ñ)** Configurar un instrumento básico da estratexia para a consecución dun desenvolvemento sustentable e promover a conservación do patrimonio natural, recoñecéndoo como activo para o desenvolvemento de Galicia.
- o)** Valorizar a calidade da paisaxe galega, o patrimonio cultural e o sistema rural como factores de atracción global do territorio e activos básicos da calidade de vida, e do propio potencial de desenvolvemento, especialmente nas áreas de menor dinamismo do país.
- p)** Desenvolver estratexias de xestión creativa das paisaxes culturais galegas como factores de competitividade territorial cunha especial referencia á valorización do patrimonio rural vinculado ao sistema de asentamentos rurais, principalmente no seu inventario, caracterización e valoración e na difusión desta información para a súa consideración por parte dos diferentes axentes económicos e institucións.
- q)** Combater o fenómeno do cambio climático, para o que se propón afondar no coñecemento das súas evidencias en Galicia e actuar decididamente nos principais sectores que contribúen ás emisións de gases de efecto invernadoiro, de acordo cos principios recollidos na estratexia galega fronte ao cambio climático.
- r)** Prever e minimizar os efectos derivados de riscos naturais e tecnolóxicos, incorporando a avaliación e xestión de riscos na formulación dos restantes instrumentos de ordenación do territorio e do urbanismo.
- s)** Estructurar o litoral como un ámbito de excelencia territorial, que integre zonas naturais, centros urbanos e núcleos tradicionais, reorientando os procesos de urbanización difusa cara a un sistema máis compacto, de maior complexidade (diversidade de usos) e atractivo, caracterizado pola súa calidade e pola diversidade de posibilidades de vida e traballo.
- t)** Crear un potente sistema de infraestruturas de transporte para persoas e mercadorías capaz de conectar eficazmente o espazo rexional co espazo global para aproveitar ao máximo as vantaxes locais de Galicia e aumentando a eficacia das interconexións entre os principais centros urbanos da comunidade para facer valer as oportunidades derivadas do seu policentrismo, reforzando este como unha das potencialidades de futuro.
- u)** Fortalecer os equipamentos e dotacións dos núcleos estruturantes do sistema rural aumentando a súa variedade e, sobre todo, elevando os niveis de servizo co fin de proporcionar unha oferta de calidade, adecuada ás necesidades da poboación e con capacidade para aumentar o atractivo destes núcleos como centros de residencia e actividade.
- v)** Potenciar infraestruturas de telecomunicación capaces de garantirles a toda a cidadanía e ás empresas a súa integración nunha sociedade da información e coñecemento, co fin de aumentar a calidade de vida, a competitividade dos sectores produtivos e a eficiencia dos servizos públicos.
- w)** Desenvolver espazos orientados ás actividades de I+D+i como elementos determinantes para asentar o potencial de futuro de Galicia e da súa capacidade para configurar un ámbito de liderado espacial.
- x)** Marcar criterios para a execución de novas fórmulas de goberno territorial, como as agrupacións voluntarias de municipios, que dean resposta aos cambios e dinámicas recentes do modelo territorial e social.

2.1.3.

Informe sobre FERROL e a súa área

Sistema de asentamentos de Galicia definido nas DOT

As Directrices de Ordenación do Territorio definen un sistema de asentamentos que está composto polos seguintes catro niveis:

a) O sistema de grandes cidades.

Está constituído por dúas grandes rexións urbanas, a de Vigo e Pontevedra e A Coruña e Ferrol, así como polas áreas urbanas de A Coruña, Vigo, Santiago de Compostela, Ourense, Lugo, Pontevedra e Ferrol.

b) O sistema urbano intermedio.

Constituído por un conxunto de vilas e pequenas cidades que exercen a función de cabeceiras de carácter supracomarcal e proporcionan unha base urbana sólida aos seus respectivos ámbitos de influencia para que a totalidade do territorio dispoña dunha axeitada cobertura de servizos. Nalgúns destes ámbitos funcionais figuran vilas con influencia supramunicipal que exercen de subcabeceiras para a prestación de servizos de forma complementaria ás cabeceiras.

Integrado por Ribadeo, Viveiro, Carballo, Cee-Corcubión, Noia, Ribeira, Vilagarcía de Arousa, Tui, A Estrada, Lalín, Chantada, Monforte de Lemos, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Xinzo de Limia, Verín, As Pontes de García Rodríguez, Vilalba e Sarria. As vilas de Burela, Foz, Muros, Porto do Son, Boiro, Rianxo, Cambados, O Grove, A Guarda, Silleda e A Rúa constitúen as subcabeceiras do sistema urbano intermedio e son unha parte integrante deste nivel.

c) Os nodos para o equilibrio do territorio.

Núcleos con influencia supramunicipal que actúan como centros de prestación de servizos e de dinamización dos espazos rurais. Constitúen unha base imprescindible para impulsar estratexias de desenvolvemento social e económico en ámbitos ameazados polo despoboamento.

As vilas propostas como nodos para o equilibrio do territorio son: Ortigueira, Mondoñedo, Meira, A Fonsagrada, Becerreá, Quiroga, A Pobra de Trives, Viana do Bolo, Castro Caldelas, Maceda, Allariz, Celanova, Bande, Ribadavia, A Cañiza, Caldas de Reis, Padrón, Negreira, Vimianzo, Santa Comba, Ordes, Melide, Guitiriz, Curtis, Arzúa e Monterroso. Estas vilas, xunto coas subcabeceiras do sistema urbano intermedio, completan o terceiro nivel do sistema de asentamentos do modelo territorial.

d) Os núcleos principais dos restantes concellos e das parroquias rurais.

Constitúen a estrutura de base da xerarquía de asentamentos no territorio, conxuntamente coas pequenas entidades de poboación, sendo as células elementais dun medio rural vivo, que garante a conservación dos valores culturais, ambientais, paisaxísticos, sociais e económicos, e constitúen condición básica para evitar o abandono e os seus efectos derivados.

■ 2.1.4.

os nodos para o equilibrio do territorio e os núcleos principais dos restantes municipios e das parroquias rurais.

Asemade, co obxectivo de optimizar a rendibilidade social dos recursos públicos, as Directrices establecen que as administracións que desenvolvan actuacións con incidencia territorial actuarán axustándose aos principios de información mutua, colaboración e coordinación.

A nivel estritamente municipal, o elemento central de planificación e ordenación territorial son os Plans Xerais de Ordenación Municipal (PXOM). Como se reflicte no **cadro 2.1.5.** dos vinte concellos que conforman Ferrol e a súa área de influencia, Ares e

Monfero están sen planeamento urbanístico. Asemade, como exemplo, cómpre mencionar que o plan de ordenación de Mugardos data de 1999, os de Ferrol e Cariño do 2000 e o de Narón de 2002.

Situación actual e perspectivas de futuro

O punto de partida da análise territorial, que posteriormente se desenvolverá máis polo miúdo, é a valoración que se ten da situación actual e futura de Ferrol e a súa área de influencia, así como da valoración das instalacións dos municipios.

A partir das opinións recollidas no cuestionario realizado, a valoración da situación actual de Ferrol e a súa área é negativa, tendo en

Estado do planeamento urbanístico xeral a 4 de febreiro de 2016

	Data de aprobación	Figura	Estado
Ares	04/12/1978	Normas Subsidiarias de Planeamento	Sen planeamento (1)
Cabanas	13/11/1987	Normas Subsidiarias de Planeamento	NSP/PXOU adaptado á LASGA ata Lei 7/1995
A Capela	18/05/2006	Plan Xeral de Ordenación Municipal	PXOM adaptado á LOUG
Cariño	17/02/2000	Plan Xeral de Ordenación Municipal	PXOM/POMR adaptado á Lei 1/1997
Cedeira	25/01/1995	Plan Xeral de Ordenación Urbana	NSP/PXOU adaptado á LASGA ata Lei 7/1995
Cerdido	21/07/2006	Plan Xeral de Ordenación Municipal	PXOM adaptado á LOUG
Fene	23/01/2003	Plan Xeral de Ordenación Municipal	PXOM/POMR ao abeiro D.T.3ª LOUG
Ferrol	28/12/2000	Plan Xeral de Ordenación Municipal	PXOM/POMR adaptado á Lei 1/1997
Mañón	16/06/1978	Normas Subsidiarias de Planeamento	NSP/PXOU Anterior á LASGA
Moeche	24/10/1996	Normas Subsidiarias de Planeamento	NSP/PXOM entre Lei 7/1995 e Lei 1/1997
Monfero	03/04/1991	Normas subsidiarias de planeamento provincial	Sen planeamento
Mugardos	19/10/1999	Plan Xeral de Ordenación Municipal	PXOM/POMR adaptado á Lei 1/1997
Narón	22/04/2002	Plan Xeral de Ordenación Municipal	PXOM/POMR adaptado á Lei 1/1997
Neda	22/07/1992	Normas Subsidiarias de Planeamento	NSP/PXOU adaptado á LASGA ata Lei 7/1995
Ortigueira	27/05/1993	Normas Subsidiarias de Planeamento	NSP/PXOU adaptado á LASGA ata Lei 7/1995
Pontedeume	12/06/1986	Normas Subsidiarias de Planeamento	NSP/PXOU adaptado á LASGA ata Lei 7/1995
As Pontes	09/12/1985	Normas Subsidiarias de Planeamento	NSP/PXOU adaptado á LASGA ata Lei 7/1995
San Sadurniño	23/03/1992	Normas Subsidiarias de Planeamento	NSP/PXOU adaptado á LASGA ata Lei 7/1995
As Somozas	13/03/2006	Plan Xeral de Ordenación Municipal	PXOM adaptado á LOUG
Valdoviño	28/10/1993	Normas Subsidiarias de Planeamento	NSP/PXOU adaptado á LASGA ata Lei 7/1995

(1) Anterior PXOM do 26/03/1999, anulado por sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 23/10/2003, confirmada por sentenza do Tribunal Supremo do 14/01/2007

NSP: Normas subsidiarias de planeamento; PXOU: Plan xeral de ordenación urbana; PXOM: Plan xeral de ordenación municipal;

LOUG: Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; LASGA: Lei de adaptación da do solo a Galicia

Fonte: Instituto de Estudios do Territorio

2.1.5.

conta que acada 4 puntos sobre 10. Como amosa o **cadro 2.1.6.**, dos tres concellos considerados na enquisa, Ferrol é o que presenta a valoración máis baixa, con tan só 2,2 puntos, acadando un 5 no caso de Narón e un 4,9 en As Pontes de García Rodríguez.

En canto ás perspectivas de futuro, as entidades e organizacións da área de influencia de Ferrol consideran que a situación mellorará no conxunto do territorio obxecto de estudo, se ben a valoración segue presentando un valor inferior a cinco puntos. No caso dos tres concellos máis destacados, os datos da enquisa reflicten que a situación mellorará en Narón e Ferrol, aínda que neste último concello a puntuación segue a ser realmente baixa (3,4 puntos). Non acontece o mesmo en As Pontes, onde a valoración futura descende seis décimas, para situarse nun 4,3.

Os datos recollidos no **cadro 2.1.7.** amosan que son os concellos os que presentan unha valoración máis optimista sobre a situación


actual e, sobre todo, futura da área (5,6 e 7,5 puntos, respectivamente), en tanto que o sector empresarial valora a situación actual con tan só 3,5 puntos e con 4,5 puntos as perspectivas de futuro. Estas últimas son cada vez máis optimistas a medida que aumenta o tamaño da empresa, alcanzando un 5,1 entre as empresas de 50 ou máis traballadores.

Os sete sectores de actividade con maior presenza de empresas consideran que a situación actual é mala, oscilando a puntuación entre o 2,5 do sector de carpintaría e o 4,4 da alimentación. De cara ao futuro todos eles, agás o de alimentación, consideran que a situación mellorará se ben esta seguirá sendo mala. Como se aprecia no **cadro 2.1.8.**, tan só as ramas de arquitectura-enxeñaría presentan unha valoración superior a cinco puntos: 5,7.

No que atinxe á valoración das instalacións do municipio, **cadro 2.1.9.**, considérase que

Informe sobre FERROL e a súa área


Valoración da situación actual e das perspectivas de futuro da área de Ferrol



Fonte: Elaboración propia

2.1.6.

Valoración da situación actual e das perspectivas de futuro da área de Ferrol: distribución segundo institución



Fonte: Elaboración propia


2.1.7.

a área está moi mal provista de conexión de ferrocarril para mercadorías (2,1 puntos sobre 10), valorándose como mala no caso de centros tecnolóxicos privados e públicos (3,5 e 4 puntos, respectivamente). As valoracións máis elevadas rexístranse no caso das autovías (7,4 puntos), polígonos industriais (6,7) e a conexión a internet e a situación das estradas convencionais (6,1 e 6 puntos, respectivamente).


Con todo, aprécianse importantes diferencias

na valoración que se fai nos tres concellos mencionados anteriormente. Dunha banda, cómpre destacar que mentres que no concello de Ferrol ou Narón a valoración que se ten da situación das estradas do concello supera unha puntuación de sete sobre dez, en As Pontes tan só se sitúa lixeiramente por riba do cinco. Como se reflicte no **cadro 2.1.10.**, unha situación parecida apréciase no caso dos polígonos industriais, xa que os concellos de Ferrol e Narón presentan unha valoración de 6,5 e 6,3 puntos, respectivamente, fronte

Valoración empresarial da situación actual e das perspectivas de futuro da área de Ferrol: distribución segundo tamaño e segundo sector de actividade




Distribución segundo sectores con maior presenza empresarial



Fonte: Elaboración propia

2.1.8.

Valoración das instalacións de Ferrol e a súa área de influencia




Fonte: Elaboración propia

2.1.9.

Informe sobre FERROL e a súa área


Valoración das principais instalacións nos concellos de As Pontes, Narón e Ferrol



Fonte: Elaboración propia

2.1.10.

Valoración das principais instalacións de Ferrol e a súa área de influencia: distribución segundo institución.



Fonte: Elaboración propia

2.1.11.

aos 4,3 puntos de As Pontes. Asemade, salienta tamén a distinta percepción no caso das institucións de política pública, onde a puntuación no concello de As Pontes acada un 7,4 mentres que é inferior a cinco no caso de Narón (4,7) e de 5,2 puntos en Ferrol.

Se se consideran as opinións das tres institucións consideradas no estudio, o **cadro 2.1.11.** amosa que, con carácter xeral, son os alcaldes/concelleiros os que teñen a visión máis negativa en canto á provisión das instalacións dos municipios, agás no caso das institucións de política pública. Neste último caso os representantes políticos valoran con 7,4 puntos a situación actual das mesmas fronte aos 4,8 puntos do sector empresarial e o 6,1 das asociacións.

As tres institucións teñen unha valoración negativa no caso das infraestruturas de ferrocarril, os centros tecnolóxicos e a conexión cos portos de mar. Pola contra, as tres valoran positivamente a situación das autoestradas e estradas convencionais, polígonos industriais e as infraestruturas medioambientais e de saneamento. □

2.2.- Demografía

Nos vinte concellos que conforman a área de influencia de Ferrol están empadroadas un total de 196.203 persoas o 1 de xaneiro de 2015, o que representa o 17,4% dos habitantes da provincia de A Coruña e o 7,2% das persoas empadroadas en Galicia. O concello de Ferrol é o que conta con maior número de habitantes, con 69.457 (o 35,4% dos empadroados), seguido de Narón, con 39.565 habitantes (20,2% do total).

A densidade de poboación no conxunto dos concellos considerados sitúase no último ano en 126,2 habitantes por km², cifra sensiblemente superior á do conxunto de Galicia (92,4 habitantes/km²) aínda que inferior á da provincia de A Coruña (141,8 habitantes/km²). Neste ano, doce concellos que integran o territorio analizado presentan unha densidade inferior á media galega e trece sitúanse por baixo da media da provincia de A Coruña.


Os devanditos concellos de Ferrol e Narón son os que presentan a densidade máis elevada, con 839,8 e 591,4 habitantes/km²,

respectivamente. En Ferrol está empadroado o 35,7% da poboación do ámbito territorial considerado e representa tan só o 5,3% da superficie, en tanto que Narón, acolle ao 20,2% da poboación a un de xaneiro de 2015 e a súa superficie representa o 4,3% do total. Por contra, como amosa o **cadro 2.2.1.**, hai tres concellos con menos de 20 habitantes por quilómetro cadrado: Monfero, onde está empadroadada o 1% da poboación e a súa superficie representa o 11% do total, As Somozas (4,6% da superficie de Ferrol e a súa área de influencia e o 0,6% da poboación) e Mañón (5,3% da superficie e o 0,7% da poboación).


Atendendo á evolución da poboación a partir do ano 1998, o devandito **cadro 2.2.1.** reflicte como Ferrol e a súa área de influencia presenta unha clara tendencia decrecente (-0,5% de media anual) a diferenza do acontecido na Comunidade Autónoma e a nivel provincial, onde esta caída se aprecia a partir do ano 2010 e 2011, respectivamente.

Poboación empadroada 1998-2015

Ferrol e a súa área de influencia



Galicia e provincia da Coruña



Fonte: IGE, Padrón municipal de habitantes

2.2.1.

Se a análise se fai tendo en conta un ámbito temporal máis reducido, observando o impacto da crise económica na evolución demográfica, entre o ano 2008 ata o momento actual tanto a área de Ferrol como Galicia rexistran un descenso do número de empadroamentos. En Ferrol e a súa área de influencia a caída da poboación neses seis anos foi de 8.919 persoas, un -4,3%, resultado tanto dun saldo vexetativo (nacementos menos defuncións) negativo de -7.098 persoas como dun saldo migratorio (inmi-

gracións menos emigracións) tamén negativo. Por contra, no conxunto da Comunidade Autónoma e da provincia o saldo vexetativo é negativo e o saldo migratorio, positivo.

A devandita evolución demográfica non é homoxénea no conxunto da área de Ferrol (**cadro 2.2.2.**), rexistrándose importantes diferenzas entre uns concellos e outros. Dunha banda, salienta o incremento experimentado no concello de Narón, con 2.557

Informe sobre FERROL e a súa área

Territorio e evolución demográfica 2008-15: distribución segundo concellos

	Superficie	Poboación				Densidade	
		Poboación 01/01/2008	Saldo vexetativo 2008-2014 (1)	Poboación 01/01/2015	2008/15		
	(km²)				(%)	(Hab./km²)	
Galicia	29.574,4	2.784.169	-60.871	2.732.347	-51.822	-1,9	92,4
A Coruña	7.950,4	1.139.121	-19.572	1.127.196	-11.925	-1,0	141,8
Área Ferrol	1.554,3	205.122	-7.098	196.203	-8.919	-4,3	126,2
Ares	18,3	5.682	-76	5.743	61	1,1	313,8
Cabanas	30,3	3.287	-243	3.299	12	0,4	108,9
Capela, A	58,0	1.439	-86	1.334	-105	-7,3	23,0
Cariño	47,2	4.617	-266	4.167	-450	-9,7	88,3
Cedeira	85,4	7.511	-411	7.062	-449	-6,0	82,7
Cerdido	52,7	1.384	-109	1.233	-151	-10,9	23,4
Fene	26,3	14.169	-412	13.385	-784	-5,5	508,9
Ferrol	82,7	74.696	-2.714	69.452	-5.244	-7,0	839,8
Mañón	82,2	1.628	-148	1.454	-174	-10,7	17,7
Moeche	48,5	1.435	-172	1.246	-189	-13,2	25,7
Monfero	171,7	2.353	-224	2.037	-316	-13,4	11,9
Mugardos	12,8	5.605	-208	5.362	-243	-4,3	418,9
Narón	66,9	37.008	142	39.565	2.557	6,9	591,4
Neda	24,5	5.553	-290	5.261	-292	-5,3	214,7
Ortigueira	210,0	7.311	-608	6.136	-1.175	-16,1	29,2
Pontedeume	29,3	8.561	-268	8.011	-550	-6,4	273,4
Pontes de García Rodríguez, As	249,4	11.384	-255	10.503	-881	-7,7	42,1
San Sadurniño	99,0	3.125	-206	3.009	-116	-3,7	30,4
Somozas, As	70,9	1.388	-106	1.191	-197	-14,2	16,8
Valdoviño	88,2	6.986	-438	6.753	-233	-3,3	76,6

(2) saldo vexetativo = nacementos - defuncións

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE

2.2.2.




persoas empadroadas máis, resultado fundamentalmente dun saldo migratorio positivo. En 2015 a poboación deste municipio ascendía a 39.565 persoas, un 6,9% máis que no ano 2008. Doutra banda, os concellos de Ferrol e Ortigueira presentan a maior redución da poboación, con 5.244 habitantes menos no caso de Ferrol (-7%) e de 1.175 persoas menos en Ortigueira (-16,1%).

No que atinxe á situación do movemento natural da poboación, os indicadores demográficos reflicten no conxunto dos vinte concellos analizados unha tendencia similar á rexistrada en Galicia e na provincia de A Coruña. Como reflicte o **cadro 2.2.3.**, ao longo dos últimos anos o saldo vexetativo, entendido como a diferenza entre os nacementos e as defuncións, é sempre negativo situándose no ano 2015 no ámbito territorial obxecto de estudo en -1.218.

A taxa bruta de natalidade de Ferrol e a súa área de influencia mantense sempre por baixo da rateo rexistrada para o conxunto de Galicia e da provincia de A Coruña, a diferenza do que acontece no caso do número de falecementos por cada mil habitantes que é sempre inferior á media galega e provincial. O devandito **cadro 2.2.3.** reflicte que en 2014 (último dato dispoñible) a taxa bruta de natalidade nos vinte concellos analizados foi de 6,4 nacementos por cada mil habitantes e que a taxa bruta de mortalidade ascendeu ata os 12,6 falecementos por cada mil habitantes.

A nivel comarcal, a taxa de natalidade sitúase ao longo de toda a serie considerada por baixo da media provincial e galega nas tres comarcas consideradas. Por contra, a taxa bruta de mortalidade é sempre superior á media provincial e, en relación á media galega, tan só a comarca de Eume

Saldo vexetativo e taxas brutas de natalidade e mortalidade 2007-2015



Fonte: IGE

2.2.3.

Informe sobre FERROL e a súa área

Movementos migratorios 2008-2015

	Inmigracións					
	Galicia			Ferrol e a súa área de influencia		
	doutra provincia galega	doutra Comunidade Autónoma	do estranxeiro	doutra provincia galega	doutra Comunidade Autónoma	do estranxeiro
2008-2015	92.500	162.977	107.086	3.912	13.632	4.968
2008	10.781	22.561	22.165	457	1.590	1.160
2009	11.368	23.654	15.135	488	1.592	738
2010	12.288	21.611	13.878	521	1.942	630
2011	12.214	20.841	13.847	498	1.792	578
2012	11.405	20.365	10.322	480	1.798	450
2013	11.277	18.608	9.268	485	1.657	437
2014	11.336	17.498	10.377	513	1.627	480
2015	11.831	17.839	12.094	470	1.634	495

	Emigracións ⁽¹⁾					
	Galicia			Ferrol e a súa área de influencia		
	cara outra provincia galega	cara outra Comunidade Autónoma	cara ó estranxeiro	cara outra provincia galega	cara outra Comunidade Autónoma	cara ó estranxeiro
2008-2015	92.500	156.808	77.932	4.441	13.900	3.024
2008	10.781	19.481	7.435	511	1.448	257
2009	11.368	18.716	9.375	529	1.398	266
2010	12.288	19.672	9.170	590	1.849	388
2011	12.214	20.563	9.317	517	1.994	324
2012	11.405	19.551	9.890	585	1.755	480
2013	11.277	18.970	11.739	555	1.643	478
2014	11.336	19.862	10.292	540	1.853	259
2015	11.831	19.993	10.714	614	1.960	572

(1) a partir do ano 2006, na emigración ao estranxeiro inclúense as baixas por caducidade.
Fonte: IGE, *Movementos migratorios*

■ 2.2.4.

presenta un indicador lixeiramente mellor nos anos 2007 e 2012. En ambos os dous casos, a comarca de Ortegal é a que presenta os resultados máis negativos.

Atendendo á desagregación municipal, dezasete dos vinte concellos considerados presentan un saldo vexetativo negativo ao longo de toda a serie considerada, sendo positivo no caso de Narón entre os anos 2008 e 2012 e no ano 2015 e, puntualmente, en A Capela (2012) e Ares (2008 e 2012).

No que á análise do saldo migratorio no ámbito territorial considerado se refire, os datos do IGE recollidos no **cadro 2.2.4.** reflicten que entre os anos 2008 e 2015 o número de persoas que emigrou cara ao resto de España ou ao estranxeiro ascendeu a 16.924 persoas, en tanto que chegaron pro-

cedentes dese territorios un total de 18.613 persoas. En termos de crecemento medio anual, no devandito período as emigracións fóra de Galicia medraron un 6,6% (5,3% no caso das saídas cara outras CC.AA.) e as inmigracións descendieron un 3,3% (aumentan un 0,8% as saídas a outras Comunidades).

Comparado co acontecido no conxunto da Comunidade Autónoma, a emigración externa dos empadroados nos concellos analizados é lixeiramente inferior, en termos porcentuais, xa que no período de tempo considerado o 31% das emigracións foi cara o resto das CC.AA ou ao estranxeiro, fronte ao 32% no conxunto de Galicia. As saídas cara ao resto do Estado representan o 25,4% das emigracións rexistradas en Ferrolterra no devandito período de tempo (21,4% en Galicia), mentres que un 5,5%

das saídas é cara ao estranxeiro (10,6% na Comunidade Autónoma).

No caso das inmigracións, as inmigracións externas representan en Ferrol e a súa área de influencia o 34,7% do total, máis de dous puntos por riba da importancia relativa no conxunto de Galicia. No caso das inmigracións procedentes doutras CC.AA., o seu peso é superior ao rexistrado en Galicia (25,5% e 22,2%, respectivamente), sendo sensiblemente inferior nas procedentes do estranxeiro (9,2% e 14,6%, respectivamente).

Estrutura da poboación

A estrutura da poboación de Ferrol e a súa área de influencia presenta, ao igual que a galega e a da provincia de A Coruña, unha maior presenza de mulleres, representando nos tres casos unha porcentaxe en torno ao 52% ao longo do período 1998-2015. Non obstante, tomando como referencia o comezo da crise económica, fronte a este predominio da poboación feminina, nos concellos de Monfero e As Somozas o número de homes empadroados é superior ao de mulleres, rexistrándose esta situación en Cedeira nos dous últimos anos.

A Comunidade Autónoma, así como a provincia de A Coruña e o conxunto da área de Ferrol presentan ao longo de toda a serie considerada un paulatino proceso de envellecemento. A poboación de Ferrol e a súa área de influencia está moito máis envellecida que a galega e provincial, como indica o feito de que, segundo os datos a un de xaneiro de 2015, o 25,8% das persoas empadroadas nos concellos analizados tiñan 65 ou máis anos (4% tiñan 85 ou máis) e a poboación menor de dez anos supuña o 7,4% mentres que en Galicia estas porcentaxes eran do 24% e 8%, respectivamente.

Tanto na Comunidade Autónoma como no conxunto das tres comarcas analizadas a

porcentaxe de persoas cunha idade superior aos 65 anos é máis elevada no caso das mulleres (28,7% fronte ao 22,5%), ao contrario do acontecido no caso da poboación menor de 10 anos, onde o peso relativo dos homes é superior ao das mulleres (7,9% e 6,8%, respectivamente).

A nivel municipal, o maior peso relativo da poboación maior de 65 anos rexístrase nos concellos de Cerdido (38,1%) e Mañón (37,6%), ambos na comarca de Ortegal, seguidos de Moeche e Ortigueira (36,3% e 35,9%, respectivamente). A poboación maior de 85 anos representa en Cerdido o 8% da poboación total, sendo esta porcentaxe do 7,6% no concello de Moeche e superior ao 7% en Mañón, Ortigueira e Monfero. Doutra banda, o 10,1% da poboación de Narón presenta unha idade inferior a 10 anos, situándose esta porcentaxe tan só no 3,8% en Ortigueira e lixeiramente por riba do 4% en Monfero e Mañón.

O índice de dependencia global, entendido como a relación entre a poboación potencialmente dependente e a poboación potencialmente activa, despois do seu incremento no horizonte temporal analizado, sitúase na área de influencia de Ferrol por riba do valor rexistrado para Galicia a partir do ano 2008, acadando a 1 de xaneiro de 2015 un valor de 56,8%. A diferenza do acontecido coa comarca de Eume, a comarca de Ortegal presenta un índice de dependencia global superior ao da Comunidade Autónoma ao longo de todos os anos analizados, superando o 63% todos os anos e acadando un valor superior ao 70% dende 2012 (73,8% en 2015). En consonancia co recollido en parágrafos anteriores, os datos do devandito **cadro 2.2.5.** reflicten o maior índice de envellecemento respecto ao conxunto de Galicia e da provincia de A Coruña, así como un índice de dependencia xuvenil máis reducido.

Graficamente, as pirámides de poboación

Informe sobre FERROL e a súa área

Indicadores da estrutura da poboación 1998 e 2014 ⁽¹⁾

	1998			2014		
	Galicia	A Coruña	Ferrol e a súa área de influencia	Galicia	A Coruña	Ferrol e a súa área de influencia
Índice de dependencia global	47,7	44,4	45,3	55,0	53,8	56,8
Índice de dependencia xuvenil	19,2	18,4	16,8	18,4	18,6	17,2
Índice de dependencia senil	28,5	25,9	28,5	36,5	35,2	39,7
Índice de envellecemento	94,7	88,6	103,3	150,1	145,0	175,5
Índice de sobreenvellecemento	11,3	10,9	10,4	16,0	14,8	14,8
% poboación menor 10 anos	7,7	7,5	6,6	8,0	8,2	7,5
% poboación maior 64 anos	19,3	18,0	19,6	23,6	22,9	25,3
% poboación maior 84 anos	2,2	2,0	2,0	3,8	3,4	3,7
% poboación activa	67,7	69,3	68,8	64,5	65,0	63,8
Índice estrutura poboación activa	81,0	81,0	85,1	122,0	123,6	129,3

(1) Índice de dependencia global: relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (poboación menor de 15 anos e poboación maior de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

Índice de dependencia xuvenil: relación entre a poboación nova (poboación menor de 15 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

Índice de dependencia senil: relación entre a poboación maior (poboación maior de 64 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);


Índice de envellecemento: relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos;

Índice de sobreenvellecemento: relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos;

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE

2.2.5.

Poboación maior de 65 anos e menor de 10 anos a 1 de xaneiro de 2015




Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE


2.2.6.

Pirámides de poboación 1998 e 2015

Ferrol e a súa área de influencia



Galicia



Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE

2.2.7.

amosan como a súa base e o seu centro de gravidade vai ascendendo para situarse na franxa de 35 e 39 anos fronte á de 20-24 anos de 1998. Comparando as pirámides poboacionais de 1998 e 2015 de Galicia e a área de Ferrol obsérvase a distinta estrutura poboacional, presentando no caso de Ferrol unha base máis reducida e unha zona central máis estreita (**cadro 2.2.7.**).

Un último aspecto a ter en conta é o que


atinxe ao empadramento de persoas de nacionalidade estranxeira. O un de xaneiro de 2015, a poboación estranxeira empadroadada en Ferrol e a súa área de influencia ascendía a case 4.120 persoas, catro veces e medio superior á empadroadada no ano 2000, o que representa o 2,1% da poboación empadroadada en 2015. Esta porcentaxe sitúase moi por baixo do peso relativo da poboación estranxeira en Galicia, onde representa o 3,3%, aínda que está moi lonxe

Informe sobre FERROL e a súa área

Poboación estranxeira empadroadada a 1 de xaneiro de 2015


Ferrol e a súa área de influencia

(poboación estranxeira = 4.193 persoas)



Galicia

(poboación estranxeira = 98.245 persoas)



Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE

■ 2.2.8.

do rexistrado no conxunto do Estado, onde supera o 9,5%. Asemade, este menor peso relativo constátase no feito de que a poboación estranxeira empadroadada na área de influencia de Ferrol representa o 4,5% dos estranxeiros en Galicia fronte ao 7,2% que supón a poboación total no conxunto de Galicia.

Ao igual que no conxunto de Galicia, Portugal é o principal país de orixe das persoas estranxeiras empadroadas en Ferrol e a súa área, ao representar o 16,6% dos estranxeiros residentes no conxunto dos concellos analizados (18,8% en Galicia). Tal e como se desprende do **cadro 2.2.8.**, séguelle en im-

portancia as persoas procedentes de Romanía, Brasil e Colombia, acollendo estes catro países o 47% dos estranxeiros empadroados (42% na Comunidade Autónoma). □

2.3.- Contexto económico-financeiro

O **contexto socioeconómico** no que se desenvolve a economía de Ferrol e a súa área de influencia ven determinado en grande medida polo marco macroeconómico xeral de Galicia e España. O primeiro apartado deste capítulo presenta, a modo de síntese, a evolución dos principais indicadores macroeconómicos. A continuación analízanse os índices comparativos da importancia económica nos 20 concellos analizados, así como a débeda viva deses concellos, tanto en termos absolutos como relativos. Finalmente faise mención á situación económica dos fogares e á taxa de risco de pobreza e exclusión social.

Contexto macroeconómico xeral


Ao longo dos últimos oito anos, a economía galega e española, ao igual que acontece no caso da economía europea, sufriu dúas recesións. Como pode apreciarse no **cadro 2.3.1.**, ao longo da primeira recesión, iniciada no ano 2008, Galicia e España presentan un comportamento similar, acadando unha contracción máxima no se-

gundo trimestre de 2009, cunha caída superior ao 4%. A saída desta primeira etapa no ano 2010 é máis intensa na Comunidade Autónoma que no conxunto do Estado.

A segunda etapa de recesión económica comeza en 2011 e nos dous primeiros anos o impacto é máis acusado en Galicia que en España. De xeito semellante ao que acontece na zona euro ou no conxunto do Estado español, a economía galega saíu da recesión económica ao longo do ano 2013 ao rexistrar dous trimestres consecutivos con taxas de crecemento intertrimestral positivas.

A última etapa da evolución da actividade económica galega, que se reflicte no devandito **cadro 2.3.1.**, amosa a menor intensidade da recuperación da economía galega en relación á española. Segundo os datos do IGE, a economía galega presenta en 2015 unha taxa de crecemento interanual do 2,1%, fronte ao 3,2% do conxunto do Estado reflectido polo INE.

Evolución do PIB real 2008-2015 ⁽¹⁾



(1) taxas de variación interanuais; datos corrixidos de estacionalidade e calendario.
[Consulta: 03-10-2016]
Fonte: IGE e INE

2.3.1.

Nembargante, os datos da Contabilidade Rexional publicados polo INE reflicten un crecemento similar da economía galega e española no ano 2015, cunha taxa de variación interanual do produto interior bruto (PIB) en termos reais do 3,2%. A pesar deste crecemento, os datos do INE indican que no período 2010-2015 a economía galega experimentou unha contracción media anual do 0,6% (0,2% no conxunto do Estado). Tan só catro Comunidades Autónomas (Asturias, -1,2%; Cantabria, -1,1%; Castela-A Mancha, -0,8%; e A Ríoxa, -0,7%) presentan unha contracción máis acusada que Galicia.

O devandito dinamismo da actividade produtiva galega no último ano traslada o seu efecto positivo ao mercado de traballo aten-

dendo tanto ao incremento do volume total da ocupación, xa se mida en termos de poboación ocupada, afiliacións ou postos de traballo equivalentes a tempo completo, como se se considera o descenso do desemprego estimado pola EPA ou o rexistrado no Servizo público de emprego. Con todo, este dinamismo non foi quen de frear a forte caída poboacional e nomeadamente, a acusada redución da poboación potencialmente activa (16-64 anos).

A nivel agregado, todos os grandes sectores produtivos presentan taxas de crecemento positivas no ano 2015, salientando o comportamento da industria manufacturera, que se sitúa como o sector máis dinámico, cunha medra interanual do 4,6% respecto ao ano anterior (3,7% en España). Esta

Informe sobre FERROL e a súa área

PIB real 2008-15: distribución segundo as súas compoñentes ⁽¹⁾

	Galicia							
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
	(taxas de variación interanuais)							
Gasto en consumo final	1,3	-0,3	-1,2	-1,7	-2,8	-2,4	-0,8	2,2
Gasto dos fogares e ISFLSF	0,1	-1,6	-1,7	-1,9	-3,7	-2,9	-0,7	2,3
Gasto das AA.PP.	5,3	3,5	0,2	-1,2	-0,4	-0,8	-1,2	1,9
Formación bruta de capital	-3,9	-22,1	-7,2	-18,2	-5	-8,9	3,6	5,8
Exportacións de bens e servizos	-4,5	-8,2	5,5	2,8	-7,1	11,2	1,4	4,2
Importacións de bens e servizos	-6,0	-11,8	-1,0	-5,8	-6,9	4,3	-0,8	5,5
PIB a prezos de mercado	1,5	-3,6	0,2	-1,3	-3,2	-0,4	1,1	2,1
Ramas agraria e pesqueira	4,3	-4,7	2,9	4,5	-2,1	4,4	3,7	1,4
Ramas industriais	-2,5	-10,9	0,9	-2,8	-5,1	5,3	0,2	2,1
Ind. Manufactureira	-2,1	-14,7	-0,2	-3,1	-9,4	2,7	3,9	4,6
Construción	2,1	-6,0	-12,9	-11,8	-11,5	-9,7	-3,7	3,7
Ramas dos servizos	2,4	-0,9	2,1	0,6	-1,7	-0,3	1,8	2,1
Comercio	1,0	-6,8	4,9	-0,5	-3,2	0,8	3,2	4,0
Impostos netos sobre os produtos	2,2	-3,3	0,7	-2,7	-2,8	-7,0	-0,3	1,6

	España							
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
	(taxas de variación interanuais)							
Gasto en consumo final	0,9	-1,7	0,6	-1,8	-3,8	-3,0	0,9	3,0
Gasto dos fogares e ISFLSF	-0,6	-3,6	0,3	-2,4	-3,5	-3,0	1,2	3,1
Gasto das AA.PP.	5,9	4,1	1,5	-0,3	-4,5	-2,8	0,0	2,7
Formación bruta de capital	-3,5	-17,1	-3,8	-7,2	-8,1	-3,6	4,8	7,0
Exportacións de bens e servizos	-0,8	-10,8	9,4	7,5	1,1	4,3	5,1	5,4
Importacións de bens e servizos	-5,5	-17,8	7,0	-0,8	-6,2	-0,3	6,4	7,5
PIB a prezos de mercado	1,1	-3,6	0,0	-1,0	-2,6	-1,7	1,4	3,2
Ramas agraria e pesqueira	-2,7	-3,6	2,2	4,4	-11,0	16,5	-3,6	2,0
Ramas industriais	-0,8	-10,0	3,6	-0,2	-4,9	-5,2	1,2	3,4
Ind. Manufactureira	-2,1	-10,9	0,0	-1,3	-5,3	-1,3	2,2	3,7
Construción	0,2	-7,6	-14,5	-12,8	-14,3	-9,8	-2,0	5,2
Ramas dos servizos	2,3	-1,0	1,3	0,7	-0,4	-0,6	1,9	3,1
Comercio	0,0	-3,6	1,5	-0,1	-0,6	0,1	3,2	4,8
Impostos netos sobre os produtos	-0,9	-5,8	0,1	-5,6	-4,4	-2,8	0,8	2,8

(1) taxas de variación interanuais; datos corrixidos de estacionalidade e calendario.

[Consulta: 03-10-2016]

Fonte: IGE e INE

■ 2.3.2.

rama de actividade presenta o crecemento máis elevado no cuarto trimestre, cunha taxa de variación interanual do 5,9% respecto ao mesmo período do ano anterior.

Séguelle en importancia o sector da construción que, ao igual que no conxunto do Estado, retoma as taxas positivas anteriores á crise económica. En 2015, o incremento do valor engadido bruto xerado polo sector en Galicia foi do 3,7%, porcentaxe sensiblemente inferior ao do conxunto do Estado (5,2%).

Tanto o sector servizos como o sector primario manteñen as taxas positivas de crecemento interanual rexistradas no exercicio anterior, acadando unha medra do 2% e 1,4%, respectivamente (3,1% e 2% en España). O VEB xerado polo conxunto das ramas terciarias aumenta a medida que avanza o ano, rematando o cuarto trimestre de 2015 cunha medra interanual do 2,5%. Se se ten en conta a evolución ao longo dos últimos cinco anos, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte que o impacto da crise económica foi máis acusado no sector

da construción, cunha contracción media anual do 6,6% (6,7% no conxunto do Estado) e na industria manufacturera, cunha taxa de variación negativa do 0,3% (-0,4% en España). Tanto o conxunto das ramas agraria e pesqueira como o sector servizos presentan un crecemento medio interanual positivo, experimentando o sector primario unha medra do 2,4% e os servizos, do 0,5% (1,7% e 0,9% no Estado).

Tras esta evolución, a estrutura produtiva galega presenta, en relación á media estatal, un peso porcentualmente inferior en termos de valor engadido bruto (VEB) do sector servizos, e maiores porcentaxes tanto da industria, como da construción e do sector primario. O sector servizos aporta na Comunidade Autónoma o 69,4% do VEB total (74,9% a nivel estatal), en tanto que a achega das ramas industriais foi do 18,8% (13,8% a industria manufacturera), o da construción do 6,6% e o da agricultura, gandería e pesca do 5,2% restante, porcentaxe que duplica o peso medio no conxunto do Estado.

Dende o punto de vista da **demanda**, a evolución da actividade económica en Galicia ven determinada dende o ano 2008 ata o 2013 pola contracción da demanda interna así como por unha contribución positiva da demanda externa, mentres que nos dous últimos anos o principal motor de crecemento da economía galega é a demanda interna. No último ano a súa achega ao crecemento agregado do PIB foi de 2,8 puntos, en tanto que o sector exterior detrae sete décimas. Comparado co acontecido no conxunto do Estado, o diferencial de crecemento ven explicado tanto pola menor achega da demanda interna (3,7 puntos en España) como por detraer dúas décimas menos a externa (0,5 puntos).

O gasto en consumo final volve a rexistrar en Galicia unha taxa de variación positiva no último ano ao acadar unha medra interanual

do 2,2%, ritmo sensiblemente inferior ao experimentado en España, cunha taxa do 3%. Este diferencial coa media española explícase tanto polo comportamento do consumo público como privado, xa que mentres que en Galicia o gasto privado aumenta un 2,3% e o gasto das administracións públicas un 1,9%, no conxunto do Estado estas porcentaxes ascenden ata o 3,1% e 2,7%, respectivamente. De xeito similar, a evolución do investimento, medido a través da formación bruta de capital fixo, presenta un crecemento inferior ao rexistrado na economía española, con taxas interanuais do 5,8% e 7%, respectivamente.

O cadro macroeconómico de Galicia amosa que o sector exterior contribúe negativamente ao crecemento do PIB en 2015. Neste último ano rexístrase un importante aumento do déficit da balanza comercial da economía galega, que se sitúa en 253,3 millóns de euros, o triple do estimado no exercicio anterior. En termos nominais, o valor das exportacións aumentou un 4%, fronte á medra do 4,5% no caso das importacións. En termos reais as importacións de bens e servizos medraron un 5,5% e as vendas ao exterior o fixeron un 4,2%.


No que á actividade produtiva da economía coruñesa se refire, os datos da Contabilidade Regional (CRE) do INE amosan como o PIB a prezos correntes rexistra no ano 2013 (último dato dispoñible) unha caída do -0,7%, catro décimas superior á media galega, influenciada polo comportamento da construción, que se contrae un 12,7% en relación ao ano anterior e da industria manufacturera, cunha caída do seu veb do -7,1%). Por contra, a actividade produtiva do sector primario aumenta un 13,3% permanecendo constante o valor engadido no conxunto das actividades do sector servizos.

● PIB per cápita

O produto interior bruto por habitante en

Informe sobre FERROL e a súa área

PIB por habitante 2000-2015



[Consulta: 22 xullo 2016]
Fonte: INE

2.3.3.

Galicia presenta unha contracción media anual de 0,5% entre os anos 2008 e 2015 segundo os datos da Contabilidad Regional de España (CRE) publicados polo INE, sendo esta caída lixeiramente inferior á rexistrada no conxunto do Estado. Todas as Comunidades Autónomas españolas presentan un descenso deste indicador, rexistrando un mellor comportamento que Galicia as CC.AA. de Madrid (-0,1%), A Rioxa (-0,2%), Castela e León, Cataluña (-0,3) e País Vasco e Extremadura (-0,4%). O **cadro 2.3.3.** amosa que o PIB per capita galego ascendeu no ano 2015 ata os 20.431 euros, un 3,9% superior ao estimado para o ano anterior, o que representa o 87,7% do total estatal segundo a CRE.

O proceso de converxencia da economía galega e coruñesa á media española e europea ven determinado pola evolución seguida por estas dúas últimas variables. Os datos de Eurostat amosan que a converxencia coa Unión Europea (UE-28) prodúcese ata o ano


2009, iniciando nese ano un descenso continuado de xeito que en 2013 (último dato dispoñible) o PIB per cápita da provincia de A Coruña representaba o 84,6% da media dos países da UE-28, porcentaxe lixeiramente superior ao rexistrado en 2004. No que atinxe á converxencia coa media española (**cadro 2.3.4.**), este proceso fréase en 2010, situándose o devandito indicador no 93% no ano 2013.

● Inflación e prezos

A taxa de variación interanual do índice de prezos ao consumo (IPC) correspondente ao mes de decembro de 2015 reflicte o mantemento do nivel de prezos tanto na provincia de A Coruña como no conxunto do Estado, mentres que en Galicia os prezos descenden un 0,2% en relación á mesma data do ano anterior.

No ámbito da provincia de A Coruña, os axentes máis inflacionistas no devandito

Converxencia da economía da provincia de A Coruña con España e UE-28 2000-13



Fonte: Eurostat
[Consulta: 22 xullo 2016]

2.3.4.

PIB real, prezos e prezos industriais 2009-2015

		2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
		(taxas de variación interanual)						
PIB real								
Galicia	(base 2010)	-3,6	0,2	-1,3	-3,2	-0,4	1,1	2,1
España		-3,6	0,0	-1,0	-2,6	-1,7	1,4	3,2
Índice Prezos ao Consumo (1)								
Galicia		0,9	3,1	2,5	2,6	0,5	-1,0	-0,2
España	(base 2011)	0,8	3,0	2,4	2,9	0,3	-1,0	0,0
A Coruña		1,2	3,1	2,7	2,4	0,6	-1,1	0,0
Índice Prezos Industriais (1)								
Galicia	(base 2010)	1,2	6,1	4,1	1,4	-0,4	-3,9	-2,5
España		0,4	6,3	5,0	3,3	0,6	-3,6	-2,2

(1) taxa de variación anual correspondente ao mes de decembro
[Consulta: 03-10-2016]
Fonte: IGE e INE

2.3.5.

mes de decembro corresponderon aos de bebidas alcohólicas e tabaco, cunha taxa de variación positiva de 1,4%, e ao conxunto de produtos integrados no grupo de "alimentación e bebidas non alcohólicas", cun 1,3%. Por contra, os maiores descensos de prezos rexístranse na vivenda, cunha caída do -3%, e no transporte, cun -2,8%.

No concernente a outros indicadores de prezos, o devandito **cadro 2.3.5.** amosa que en Galicia, a taxa de variación interanual do índice xeral de prezos industriais (IPI) no

mes de decembro volveu a rexistrar unha nova caída en 2015, sendo este descenso do 2,5%, fronte ao -3,9% do ano anterior (-2,2% no conxunto do Estado). Esta baixada é consecuencia, fundamentalmente, do impacto da evolución experimentada no caso dos bens enerxéticos (-0,6%), presentando o conxunto dos bens intermedios unha caída do 2,6%. Por contra, os bens de consumo duradeiro presentan en Galicia as taxas de variación positivas máis acusadas (0,8%), sendo este crecemento de catro décimas no caso dos bens de consumo dura-

deiro e dunha décima no dos bens de equipamento.

Débeda viva dos concellos

A débeda viva, que contempla só as débedas coas caixas e bancos relativas a créditos financeiros, valores de renda fixa e préstamos ou créditos transferidos a terceiros (exclúese por tanto a débeda comercial), constitúe un bo indicador da situación económica dos concellos.

Despois do seu importante crecemento experimentado entre os anos 2008 e 2012, o conxunto dos concellos de Ferrol e a súa área de influencia, ao igual que acontece en España, Galicia ou na provincia de A Coruña, inicia no ano 2013 unha redución da súa débeda viva. No caso do ámbito territorial analizado, esta débeda sitúase a 31 de decembro de 2015 en 42,5 millóns de euros, un 3,3% inferior á rexistrada no ano 2008. A débeda viva dos vinte concellos da área de Ferrol representa o 8,2% do total galego, tres décimas menos que no ano anterior (6,9% en 2008).

A pesar da redución do último ano, seis concellos da área de Ferrol presentan en 2015 unha débeda viva superior á rexistrada en 2008, salientando o incremento rexistrado en Ferrol, con 3,4 millóns de euros máis (14,9%) e Ares e Cariño, con case 1,1 millóns de euros máis (46,1% e 362%, respectivamente). Como se reflicte no **cadro 2.3.6.**, o concello de Ferrol é quen presenta a débeda viva máis elevada a 31 de decembro do último ano, con 26,2 millóns de euros, seguido por Narón e Ares, con 7,1 e 3,4 millóns.

Se a análise se fai tendo en conta a débeda viva por habitante, o que nos permite facer unha comparación homoxénea entre os concellos, Ferrol e a súa área de influencia presenta unha débeda viva por habitante de 216,52 euros, cifra superior tanto á da pro-

vincia de A Coruña (209,44 euros) como á galega (189,58 euros), aínda que moi lonxe da española (622,52 euros). En termos de crecemento, entre os dous extremos da serie o territorio analizado presenta unha medra do 1,1%, o que contrasta coa redución rexistrada no conxunto de Galicia (-17,1%) e na provincia de A Coruña (-16,9%).

No concernente á situación rexistrada nas sete grandes cidades de Galicia, o concello de Ferrol presenta unha débeda viva per cápita a 31 de decembro de 2015 de 378,13€, a terceira máis elevada por detrás de Santiago de Compostela, con 435,70 euros por habitante, e A Coruña, con 345,72 euros (a máis reducida rexístrase en Vigo, con 41,78 euros). En termos de crecemento entre os dous extremos da serie considerada, o concello de Ferrol, por mor do devandito incremento da débeda ata o ano 2012 e a acusada perda de poboación, rexistrou unha medra da débeda por habitante do 23,6% (aumenta un 9,2% en A Coruña), descendendo por riba do 60% en Lugo e Vigo.

Situación socioeconómica dos fogares

O número de vivendas en Ferrol e a súa área de influencia ascendía a 31 de decembro de 2014 (último dato dispoñible) a 79.797, o que representa o 7,5% dos fogares galegos e o 18% dos da provincia de A Coruña. Comparado coa situación en 2008, a pesar do descenso da poboación empadroada no conxunto dos concellos analizados (-4,3%), o número de fogares medrou un 2,4%, sendo esta porcentaxe moi inferior á media galega (4,1%) e provincial (5,9%).

Respecto ao tamaño e composición dos fogares, cómpre destacar en primeiro lugar que o número medio de persoas por fogar situouse no último ano en 2,43 persoas, cifra lixeiramente inferior á rexistrada na provincia de A Coruña (2,53) e á da media

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL

Débeda viva dos concellos 2008-2015 ⁽¹⁾

	Débeda viva total							
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
	(en miles de euros)							
España	26.128.000	28.770.000	28.851.530	28.460.645	35.290.059	35.090.411	31.722.413	29.024.688
Galicia	637.019	670.257	641.523	645.640	773.456	705.463	583.635	518.000
A Coruña	287.171	312.192	300.892	293.209	325.005	293.393	251.861	236.083
Lugo	89.061	85.828	81.500	80.029	103.825	87.961	75.720	63.062
Ourense	88.540	92.439	88.463	89.540	109.671	106.909	85.071	76.743
Pontevedra	172.247	179.798	170.668	182.862	234.955	217.201	170.983	142.112
Ferrol e a súa área	43.946	52.688	49.733	55.175	61.114	55.036	49.332	42.481
Ares	2.350	2.519	1.994	1.967	4.469	4.207	3.762	3.434
Cabanas	118	65	30	-	229	211	192	128
Capela (A)	135	125	103	88	-	-	-	-
Carliño	300	779	672	563	2.134	1.936	1.601	1.386
Cedeira	1.720	1.781	1.474	1.147	903	412	499	13
Cerdido	-	-	-	-	-	-	-	-
Fene	2.951	3.083	2.419	2.525	2.060	1.605	1.167	815
Ferrol	22.852	26.065	25.558	30.197	32.553	30.718	28.543	26.262
Mañón	-	-	-	-	-	-	-	-
Moeche	248	233	217	186	171	156	141	-
Monfero	249	224	221	166	144	277	194	60
Mugardos	446	365	284	197	75	-	-	-
Narón	6.214	10.951	10.618	12.579	11.943	10.528	8.845	7.098
Neda	1.434	1.576	1.473	1.275	1.372	938	808	721
Ortigueira	2.805	3.346	2.956	2.559	3.763	3.365	2.976	2.258
Pontedeume	302	157	19	-	-	-	-	-
Pontes de García Rodríguez (As)	371	104	52	13	-	-	7	-
San Sadurniño	300	282	261	245	-	-	-	-
Somozas (As)	1.142	1.013	898	783	665	-	-	-
Valdoviño	9	20	484	685	633	683	596	306

	Débeda viva per cápita							
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
	(en euros)							
España	566,06	615,46	613,59	603,10	746,64	744,55	678,24	622,52
Galicia	228,80	239,71	229,31	230,96	278,07	255,05	212,33	189,58
A Coruña	252,10	272,54	262,45	255,60	284,12	257,78	222,35	209,44
Lugo	250,49	241,64	230,55	227,66	297,58	254,22	220,92	185,81
Ourense	263,43	275,41	263,90	268,68	332,08	327,22	263,95	241,03
Pontevedra	180,67	187,34	177,32	189,79	245,15	227,42	179,81	150,01
Ferrol e a súa área	214,24	257,09	243,71	271,44	303,39	276,05	249,33	216,52
Ares	413,59	444,03	349,52	339,08	765,44	725,28	655,37	597,95
Cabanas	35,90	19,48	8,89	-	69,41	64,19	58,29	38,80
Capela (A)	93,82	88,21	73,62	63,49	-	-	-	-
Carliño	64,98	169,72	148,34	125,84	488,01	446,37	377,48	332,61
Cedeira	229,00	238,58	198,87	156,31	124,48	56,86	69,82	1,84
Cerdido	-	-	-	-	-	-	-	-
Fene	208,27	217,65	171,66	181,63	149,49	117,68	86,46	60,89
Ferrol	305,93	350,94	347,08	413,87	452,14	431,23	405,51	378,13
Mañón	-	-	-	-	-	-	-	-
Moeche	172,82	164,55	154,89	136,46	125,92	116,85	108,21	-
Monfero	105,82	97,43	98,70	76,22	67,64	131,34	92,87	29,46
Mugardos	79,57	65,59	51,30	35,94	13,75	-	-	-
Narón	167,91	290,39	277,34	323,28	304,37	266,87	223,51	179,40
Neda	258,24	285,09	268,35	234,29	253,04	173,29	151,68	137,05
Ortigueira	383,67	467,97	430,21	367,88	574,50	554,91	496,24	367,99
Pontedeume	35,28	18,56	2,27	-	-	-	-	-
Pontes de García Rodríguez (As)	32,59	9,10	4,59	1,17	-	-	0,66	-
San Sadurniño	96,00	90,41	84,25	79,06	-	-	-	-
Somozas (As)	822,77	733,00	669,15	599,54	519,94	-	-	-
Valdoviño	1,29	2,87	69,32	98,90	92,31	100,28	87,70	45,31

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas

2.3.6.

Informe sobre FERROL e a súa área

Fogares a 31-12-2014

		Galicia	A Coruña	Ferrol e a súa área de influencia	Galicia	A Coruña	Ferrol e a súa área de influencia
					(taxas crecemento 2008-2014)		
Fogares		1.060.976	442.341	79.797	4,1%	5,9%	2,4%
Persoas por fogar	(número)	2,56	2,53	2,43			
Fogares con algún menor 16 anos							
Fogares	(número)	246.465	104.481	16.526	0,3%	1,2%	-3,1%
Incidencia	(%)	23,2	23,6	20,7			
Fogares con todos maiores 65 anos							
Fogares	(número)	234.582	94.042	20.651	11,1%	18,4%	17,4%
Incidencia	(%)	22,1	21,3	25,9			

Fonte: IGE, Enquisa estrutural a fogares

■ 2.3.7.

galega (2,56). Doutra banda, tal e como se reflicte no **cadro 2.3.7.**, o 25,9% dos fogares está composto por persoas maiores de 65 anos, ascendendo esta porcentaxe ata o 22,1% de media na Comunidade Autónoma e ata o 21,3% no caso da provincia coruñesa. Por contra, a área de Ferrol presenta unha menor porcentaxe no caso dos fogares con algún menor de 16 anos, que se sitúa no 20,7% na área obxecto de estudo, superando o 23% tanto na provincia de A Coruña como en Galicia.

Entre os grandes concellos de Galicia en termos de poboación (**cadro 2.3.8.**), o de Ferrol caracterízase, dunha banda, por presentar a maior porcentaxe de fogares compostos por persoas maiores de 65 anos (26,5%) así como tamén dos fogares unipersoais (27,6%).

No que á situación económica dos fogares se refire, o ingreso medio mensual dos fogares da área de Ferrol situouse no ano 2014 en 1.903 euros, doce euros inferior á do conxunto de Galicia. Entre os sete grandes municipios de Galicia, Ferrol presenta o ingreso medio máis baixo, con 1.895 euros, sendo este importe superior aos 2.200 euros en Santiago de Compostela e Lugo. Atendendo á estrutura dos ingresos dos fogares, o 49,1% procede das rendas de tra-

ballo por conta allea e nun 43,2% dos mesmos provén unicamente de prestacións (54,4% e 36,9% en Galicia, respectivamente).

Tomando como referencia o indicador de ingreso mensual, o municipio de Ferrol rexistra o maior nivel de desigualdade en comparación co resto das grandes cidades galegas. Dunha banda, presenta a maior porcentaxe de fogares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a mil cincocentos euros, co 47,3%, seguido por Vigo e Ourense co 41,7% e 41,1%, respectivamente. Doutra banda, sitúase como o concello con menor porcentaxe de fogares con ingresos superiores a 2.500 euros (23,8% dos fogares), seguido de Ourense e Vigo (27,2% e 28%, respectivamente).

No ano 2014 a porcentaxe de fogares de Ferrol e a súa área de influencia que din chegar con facilidade ou moita facilidade a fin de mes sitúase en 43,6%, dous puntos porcentuais por baixo do estimado ao comezo da crise económica (42,1% no conxunto da Comunidade Autónoma). A porcentaxe dos que chegan con dificultade descende en case punto e medio en relación ao ano 2008, situándose no 44,4% (44,9% en Galicia) en tanto que a porcentaxe de fogares que afirman chegar con moita dificultade a

Situación demográfica e ingresos dos fogares nos grandes concellos 2014

		Galicia	Grandes concellos						
			Ferrol	A Coruña	Santiago de Compostela	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Fogares	(número)	1.060.976	29.815	102.388	37.946	39.601	41.009	30.210	111.765
Persoas no fogar	(número medio)	2,56	2,30	2,36	2,50	2,43	2,52	2,67	2,58
Fogares segundo a súa tipoloxía	(%)								
Unipersoal		20,97	27,55	25,36	23,59	23,68	18,83	16,74	21,74
Parella con fillos		42,87	29,88	31,52	32,45	33,71	34,67	36,16	37,81
Parella sen fillos		23,61	24,52	27,03	24,14	24,34	23,44	23,47	20,80
Monoparental			10,23	9,90	8,93	9,34	12,64	11,64	11,02
Outro tipo		12,54	7,81	6,18	10,89	8,93	10,42	11,99	8,63
Fogares compostos por persoas de 65 anos e máis	(%)	22,11	26,54	20,51	19,84	19,83	20,64	16,8	18,95
Ingreso medio mensual por fogar	(euros)	1.915	1.895	2.186	2.210	2.211	2.036	2.050	2.007
Fogares segundo ingresos mensuais	(%)								
Ata 1.000,00 euros		24,11	28,87	18,59	21,06	20,76	20,35	18,51	22,08
De 1.000,01 a 1.500,00 euros		20,38	18,38	17,69	16,20	17,16	20,74	17,01	19,60
De 1.500,01 a 2.000,00 euros		16,83	12,73	15,46	14,97	15,54	14,83	23,29	14,99
De 2.000,01 a 2.500,00 euros		13,85	16,14	15,09	13,06	10,48	16,88	12,09	15,28
De 2.500,01 a 3.000,00 euros		8,80	5,99	11,81	9,85	10,82	7,62	8,70	10,21
De 3.000,01 a 4.000,00 euros		9,83	9,47	11,76	12,11	12,45	11,34	12,71	11,51
Máis de 4.000,00 euros		6,19	8,41	9,60	12,75	12,79	8,26	7,69	6,32
Estrutura de ingresos dos fogares	(%)								
Traballo conta aliea		50,43	49,06	56,57	61,82	59,59	52,67	61,04	57,18
Traballo conta propia		9,87	5,63	7,75	7,84	9,88	9,18	7,23	7,49
Prestacións		36,87	43,19	31,00	28,54	27,47	34,80	29,74	32,54
Rendas e outros ingresos		2,82	2,11	4,69	1,81	3,06	3,35	1,99	2,79
Taxa de risco de pobreza	(%)	16,41	16,52	12,02	14,03	11,48	16,27	13,53	16,5
Taxa risco de pobreza ou exclusión social	(%)	22,18	25,87	19,20	17,53	15,95	19,52	20,07	22,18

Fonte: IGE, Enquisa estrutural a fogares

2.3.8.

fin de mes sitúase no 11,9% (8,4% no ano 2008).

• Taxa de risco de pobreza

A porcentaxe de persoas cun nivel de ingresos equivalentes inferior ao limiar de pobreza, entendido este como o 60% da mediana dos ingresos equivalentes de todas as persoas galegas, situouse no ano 2014 (último dato dispoñible) en Galicia no 16,4%. Tras un descenso de 6,5 puntos, o máis acusado da Comunidade Autónoma, esta porcentaxe sitúase na área de influencia de Ferrol no 11,7%, a segunda máis reducida de Galicia nese ano tras a área de A Coruña (11,2%).

No que atinxe á situación nos sete grandes concellos de Galicia, Ferrol mantense, a

pesar do descenso rexistrado en relación ao ano anterior, como o municipio coa taxa de risco de pobreza máis elevada, cun nivel similar á de Vigo. En 2014 esta taxa situouse nos devanditos concellos no 16,5%, seguidos de Ourense co 16,3%. Por contra, Lugo e A Coruña presentan as porcentaxes máis reducidas, co 11,5% e 12%, respectivamente. Comparado co ano anterior, este indicador descende en Ferrol en 1,2 puntos porcentuais, moi por baixo do estimado en A Coruña (4 puntos) ou en Pontevedra (1,9 puntos porcentuais).

A Unión Europea, na súa estratexia Europa 2020 introduce entre os seus indicadores o da taxa de risco de pobreza ou exclusión social, entendendo que a poboación que se atopa en tal situación é aquela que está nalgunha das seguintes tres situacións: o seu

Informe sobre FERROL e a súa área

Taxa de risco de pobreza 2007-14: distribución segundo concellos

	Taxa de risco de pobreza								Taxa risco de pobreza ou exclusión social	
	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2013	2014
	(%)									
Galicia	14,63	13,88	14,32	14,28	15,73	16,45	16,57	16,41	22,83	22,11
Ferrol	13,67	13,39	8,54	10,16	15,72	17,48	17,70	16,52	25,78	25,87
A Coruña	7,67	7,77	10,31	11,51	10,57	13,05	16,01	12,02	22,39	19,20
Santiago de Compostela	9,81	10,85	9,49	6,89	9,43	13,86	10,73	14,03	18,02	17,53
Lugo	12,66	11,10	8,63	10,93	10,68	12,51	11,01	11,48	14,50	15,95
Ourense	15,38	16,25	13,56	12,76	14,16	16,08	14,34	16,27	20,40	19,52
Pontevedra	14,67	12,83	9,82	12,68	16,44	14,60	15,46	13,53	23,00	20,07
Vigo	14,22	11,08	11,07	13,27	16,10	13,63	17,64	16,50	24,19	22,18

Fonte: IGE, *Enquisa estrutural a fogares*

■ 2.3.9.

ingreso por unidade de consumo está por debaixo do 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo; atópase en carencia material severa; persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo, é dicir, onde o número de días que os adultos de 18 a 59 anos dese fogar tiveron ingresos por traballo supón ata o 20% do número total de días que poderían telos durante o ano anterior. Na provincia de A Coruña e na área de Ferrol este indicador acadou no ano 2014 un valor de 20%, situándose no 22,1% no conxunto da Comunidade Autónoma.

Comparado co resto das áreas consideradas na *Enquisa estrutural a fogares* (IGE), a de Ferrol ocupa unha posición intermedia (nona máis elevada) lonxe do 16,9% de Lugo central, que é quen presenta a porcentaxe máis reducida. Por contra, os índices máis elevados rexístranse en Ourense sur e Pontevedra sur, que superan o 30% (30,4% e 33,4%, respectivamente).

Entre as sete cidades máis importantes de Galicia en termos poboacionais, o **cadro 2.3.9.** amosa que o concello de Ferrol segue a ser o que presenta a taxa máis elevada, co 25,9%, seguido de Vigo, co 22,2%, e Pontevedra, co 20,1%. □

2.4.- O mercado de traballo

Os datos recollidos no Padrón municipal de habitantes permiten afirmar que o peso relativo da poboación potencialmente activa na poboación total, é dicir, o cociente entre o número de persoas cunha idade comprendida entre os 16 e os 64 anos e a poboación total, descendeu ao longo dos últimos anos tanto en Galicia como no conxunto dos 20 concellos considerados. Como se desprende do **cadro 2.4.1.**, a poboación potencialmente activa representaba na área de Ferrol o 62,5% da poboación total, máis de cinco puntos inferior á do ano 2004, mentres que no conxunto de Galicia esta porcentaxe era do 63,3%, catro puntos porcentuais menos que en 2004.

A 1 de xaneiro do ano 2015, a poboación potencialmente activa en Ferrol e a súa área de influencia ascendía a 122.724 persoas, o que representa o 7,1% da poboación activa galega. Tomando como referencia o ano 2008, a poboación con idades comprendidas entre os 16 e 64 anos descendeu en 12.800 persoas, o que supón unha redución do 9,4%, 3,3 puntos porcentuais por riba do conxunto de Galicia.

O xa mencionado proceso de envellecemento da poboación ten unha importante incidencia no mercado de traballo, tal e como reflicten os índices de estrutura e de recambio da poboación en idade activa. Dunha banda, o índice de estrutura da poboación en idade activa reflicte que en 2015 a poboación cunha idade comprendida entre os 40 e 64 anos era superior á de 15 -39 anos tanto en Galicia como en A Coruña e en Ferrol e a súa área de influencia. Nese último ano esta taxa situábase no conxunto dos concellos da área de Ferrol en 134,7, valor superior tanto ao acadado en Galicia (127,7) como na provincia de A Coruña (129,5).

No que atinxe á capacidade da poboación para substituír as persoas que se van xubilando, o devandito **cadro 2.4.1.** amosa as dificultades que existen xa que a poboación de 60 a 64 anos é moi superior á de 15-19 anos, aumentando este índice de recambio de xeito moi acusado nos últimos anos. No ano 2015 o índice de recambio ascendeu a 188,7, case 74 puntos e medio por riba do

Indicadores da poboación activa 2004, 2009 e 2015

	2004			2009			2015		
	Peso relativo	Índice de estrutura	Índice de recambio	Peso relativo	Índice de estrutura	Índice de recambio	Peso relativo	Índice de estrutura	Índice de recambio
	(1)	(2)	(3)	(1)	(2)	(3)	(1)	(2)	(3)
Galicia	67,3	89,6	101,1	66,7	102,7	139,0	63,3	127,7	161,2
A Coruña	68,5	90,5	104,1	67,6	103,7	146,7	63,8	129,5	165,5
Ferrol e a súa área	67,7	95,1	114,9	66,3	109,7	170,5	62,5	134,7	188,7
Ares	68,1	86,8	123,5	66,8	109,0	180,6	63,2	138,3	175,8
Cabanas	66,8	93,5	115,3	65,8	122,0	198,2	61,7	165,4	187,4
Capela, A	65,3	99,6	136,4	63,4	120,9	251,3	59,7	149,5	273,0
Cariño	65,6	100,4	141,7	63,7	119,8	197,2	58,2	146,0	209,9
Cedeira	64,3	95,1	128,7	63,6	112,4	162,4	60,8	135,8	182,5
Cerdido	59,1	113,0	168,3	58,6	124,2	218,0	54,1	121,7	184,6
Fene	70,1	95,9	140,1	67,3	112,5	195,2	62,3	141,4	211,4
Ferrol	67,6	96,3	109,6	66,0	114,9	169,8	61,9	138,1	184,3
Mañón	56,3	119,4	156,5	55,9	143,8	205,6	56,1	151,5	313,4
Moeche	54,7	114,8	185,7	56,9	124,9	146,7	56,3	129,9	210,9
Monfero	59,7	111,1	139,5	60,1	127,1	156,1	57,9	145,5	232,4
Mugardos	66,8	98,1	128,6	65,4	112,8	191,9	61,7	138,7	228,2
Narón	70,3	84,8	107,7	68,8	89,8	148,2	65,4	115,7	148,8
Neda	66,7	103,8	131,2	64,8	115,0	189,5	60,7	140,2	221,7
Ortigueira	61,6	111,7	153,8	60,8	129,7	212,4	57,6	160,1	233,6
Pontedeume	68,6	88,8	100,0	67,9	110,9	142,0	64,1	138,0	149,8
As Pontes	74,3	90,9	66,4	73,0	104,0	136,3	68,1	128,2	256,4
San Sadurniño	60,3	111,2	125,5	61,6	126,1	206,6	59,4	138,4	238,0
Somozas, As	61,9	100,9	134,4	64,2	98,0	194,6	62,1	149,5	233,5
Valdoviño	66,4	107,8	146,0	64,3	123,6	220,8	60,3	162,2	279,9

(1) peso relativo da poboación potencialmente activa (16-64 anos) sobre o total da poboación

(2) Índice de estrutura da poboación en idade activa: relación entre a poboación entre 40 e 64 anos e a poboación entre 15 e 39 anos.

(3) Índice de recambio da poboación en idade activa: relación entre a poboación entre 60 e 64 anos e a poboación entre 15 e 19 anos. Mide a capacidade dunha poboación para substituír aos individuos que van xubilando.

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE

2.4.1.

experimentado en 2004. Na Comunidade Autónoma este índice acada un valor de 161,2, sesenta puntos superior ao de 2004.


A nivel comarcal, Ortegal (Cariño, Cerdido, Mañón e Ortigueira) é a que presenta os índices máis negativos. Dunha banda, presenta o menor peso relativo da poboación activa na poboación total, cun 57,3% fronte aos 62,6% de Ferrol e o 64,7% de Eume. Doutra banda, o índice de estrutura da poboación en idade activa ascende a 150,5% (137,7 en Eume e os 133 de Ferrol) e o índice de recambio sitúase en 227,7 (203,9 en Eume e 184,3 de Ferrol). A nivel municipal cómpre destacar que Cerdido e Mañón son os concellos que presentan o menor peso relativo da poboación activa na súa poboación total, mentres que Mañón é o concello co valor do índice de recambio máis elevado e Ortigueira e Mañón sitúanse en terceiro e

cuarto lugar entre os concellos co índice de estrutura máis alto tras Cabanas e Valdoviño.

• Datos de emprego da Seguridade Social


O impacto negativo da crise económica e financeira no mercado de traballo de Ferrolterra reflíctese, entre outros aspectos, nunha caída xeralizada do número de afiliacións á Seguridade Social ata o ano 2014. Concretamente, entre os meses de decembro de 2007 e xuño de 2014 as afiliacións á Seguridade Social reducíronse en máis de 12.400. A partir de entón, iníciase unha tendencia ascendente para rematar o ano en 58.272 afiliacións, cifra lixeiramente superior á de decembro de 2012. En termos interanuais, o **cadro 2.4.2.** amosa que os descensos máis acusados se rexistraron en xuño de 2009 e decembro de

Informe sobre FERROL e a súa área



Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE

2.4.2.



Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE

2.4.3.

2012, cunha redución superior ás 3.150 afiliacións.

Comparado co acontecido no conxunto de

Galicia, o **cadro 2.4.3.** amosa que Ferrol e a súa área de influencia presenta unha tendencia similar do número de afiliacións se ben nos últimos tres anos a evolución das

Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral 2007-15: distribución segundo idade, réxime e sector

Ferrol e a súa área de influencia

	2007		2008		2014		2015	
	xuño	decembro	xuño	decembro	xuño	decembro	xuño	decembro
Total	68.882	69.093	68.693	66.608	56.660	56.820	57.855	58.272
<20 anos	666	569	549	432	111	99	105	108
20-24 anos	4.748	4.627	4.329	3.789	1.560	1.592	1.591	1.655
25-29 anos	9.815	9.585	9.195	8.458	4.420	4.410	4.371	4.324
30-34 anos	10.954	11.055	11.110	10.934	7.507	7.302	7.263	6.986
35-39 anos	9.650	9.782	9.843	9.685	9.355	9.392	9.576	9.488
40-44 anos	9.246	9.311	9.265	9.072	8.635	8.664	9.032	9.249
45-49 anos	8.785	8.803	8.782	8.615	7.999	8.019	8.050	8.181
50-54 anos	6.988	7.183	7.263	7.236	7.429	7.471	7.654	7.763
55-59 anos	4.410	4.543	4.650	4.734	5.782	5.927	6.084	6.178
>=60 anos	3.620	3.635	3.707	3.653	3.862	3.944	4.129	4.340
Réxime								
R. xeral	53.256	53.546	53.241	51.458	42.050	42.195	43.238	43.686
R.E. de autónomos	10.862	10.932	12.503	12.270	11.573	11.588	11.666	11.636
R.E. agrario	2.071	1.990	292	264	284	272	265	266
R.E. do mar	1.781	1.707	1.708	1.662	1.350	1.363	1.302	1.313
R.E. empregados do fogar	912	919	950	955	1.403	1.402	1.384	1.371
Sectores								
Agricultura/Pesca					2.856	2.833	2.751	2.739
Industria					9.233	9.060	9.565	9.507
Construción					4.491	3.991	4.460	4.248
Servizos					39.987	40.851	41.004	41.713
Non consta					93	85	75	65

Galicia

	2007		2008		2014		2015	
	xuño	decembro	xuño	decembro	xuño	decembro	xuño	decembro
Total	1.061.746	1.056.249	1.058.857	1.023.443	903.127	900.992	922.969	919.396
<20 anos	14.961	12.839	12.994	9.695	2.660	2.455	3.033	2.776
20-24 anos	73.353	69.036	66.964	58.480	31.213	30.203	32.103	31.597
25-29 anos	137.103	133.611	130.385	120.178	74.914	73.946	74.207	73.368
30-34 anos	159.994	159.695	161.169	156.241	115.579	112.435	112.100	108.235
35-39 anos	148.896	149.220	149.984	147.264	144.642	143.432	146.505	144.264
40-44 anos	137.467	138.744	140.757	138.140	136.238	137.425	142.468	143.394
45-49 anos	130.030	130.007	130.770	128.662	126.856	127.209	131.336	131.874
50-54 anos	108.028	109.329	111.445	110.785	113.856	114.400	116.928	117.081
55-59 anos	84.654	85.368	85.171	84.415	89.660	91.205	94.273	95.754
>=60 anos	67.260	68.400	69.218	69.583	67.509	68.282	70.016	71.053
Réxime xeral								
R. xeral	773.584	768.537	773.505	741.415	635.603	632.797	653.944	652.290
R.E. de autónomos	190.196	191.567	236.490	232.631	216.135	216.767	217.521	216.179
R.E. agrario	52.955	51.307	4.317	4.319	4.454	4.347	4.739	4.574
R.E. do mar	25.600	25.107	24.102	24.408	19.618	19.670	19.349	18.973
R.E. empregados do fogar	19.411	19.741	20.452	20.675	27.317	27.411	27.416	27.380
Sectores								
Agricultura/Pesca					61.261	60.477	60.844	59.095
Industria					129.729	124.129	131.644	127.295
Construción					69.892	66.832	71.687	67.717
Servizos					640.685	648.162	657.581	664.180
Non consta					1.560	1.392	1.213	1.109

Fonte: IGE

2.4.4.

afiliacións é peor que a media galega. Non obstante, en decembro de 2015 o número de afiliacións na área de Ferrol presenta unha medra interanual superior á rexistrada no conxunto de Galicia.

Tendo en conta a evolución e estrutura demográfica no conxunto dos 20 concellos considerados, o descenso máis acusado prodúcese na poboación cunha idade comprendida entre os 25 e 29 anos, cunha caída de 5.261 afiliacións entre decembro de 2007 e 2015, seguido polas persoas entre 30 e 34 anos, con 4.069 afiliacións menos, e as persoas de 20 a 24 anos, con case 3.000 afiliacións menos. Por contra, nas persoas maiores de 50 anos as afiliacións medran en torno ás 2.920, salientando o grupo de 55-59 anos, con 1.635 afiliacións máis.

No que atinxe á súa distribución segundo réximes, o réxime xeral é o que acolle o maior número de afiliacións á Seguridade Social en alta laboral, con 43.686 afiliacións a 31 de decembro de 2015, o 6,7% das afiliacións ao réxime xeral da Seguridade social en Galicia nesa mesma data. Tal e como reflicte a serie temporal recollida no **cadro 2.4.4.**, o número de afiliacións acada un valor máximo en decembro de 2007, con 53.546 afiliacións, 10.308 máis que en decembro de 2015.

Séguelle en importancia en canto ao número de afiliacións o réxime especial de autónomos, con 11.636 afiliacións á Seguridade Social en alta laboral, un 6,9% (807 afiliacións) menos que en xuño de 2008 cando acada o seu máximo con 12.503. Atendendo ao seu peso relativo no total galego, este representa en decembro de 2015 o 5,4% das afiliacións galegas neste réxime.

Atendendo á distribución sectorial, do devandito **cadro 2.4.4.** despréndese, dunha banda, o elevado peso relativo das afilia-

cións no sector industrial en comparación co conxunto de Galicia. En decembro de 2015, o 16,3% das afiliacións en Ferrol e a súa área de influencia o estaban nas ramas industriais (18,7% en xuño de 2009), sendo esta porcentaxe do 13,8% na Comunidade Autónoma (14,7%). Doutra banda, o sector primario tan só acolle ao 4,7% das afiliacións nesa mesma data (5,4% en xuño de 2009), case dous puntos menos que en Galicia. Asemade, a importancia relativa da construción e os servizos é similar á media galega, acollendo o 7,3% das afiliacións a construción (7,4% en Galicia) e o 71,6% o sector servizos (72,2%).

Comparando os datos de xuño de 2009 cos de decembro de 2015, tanto en Galicia como en Ferrol e a súa área de influencia, todos os sectores produtivos agás o conxunto de actividades do sector servizos presentan caídas nas afiliacións á Seguridade Social. O sector máis afectado foi a construción, seguido pola industria e o sector primario, de tal xeito que dos case 7.150 afiliacións menos no conxunto dos 20 concellos analizados o 55,2% pertencen á construción (56,4% en Galicia), fronte ao 38,3% da ramas industriais (35,3%) e o 11% do sector primario (19,1%). Por contra, o emprego no sector servizos aumenta un 1,3% no conxunto de Galicia fronte ao 0,6% rexistrado na área de influencia de Ferrol.

● Emprego segundo a EPA

A análise do mercado de traballo a partir dos datos facilitados pola Enquisa de Poboación Activa (EPA) parte da limitación dada pola ausencia de datos desagregados a nivel municipal, agás os relativos aos sete grandes concellos de Galicia. Asemade, xunto á devandita ausencia de datos cómpre salientar que a serie estatística comeza no terceiro trimestre do ano 2009 e o propio IGE fai referencia a que os datos deben tomarse con precaución porque poden estar afectados por elevados erros de mostraxe.

Poboación ocupada no concello de Ferrol de 16 e máis anos 2009-15: distribución segundo sectores

	Total	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
	(en miles de persoas)					(ocupación total = 100)			
2009									
III	27,0	0,2	3,7	2,6	20,5	0,7	13,7	9,6	75,9
IV	26,2	0,2	3,9	2,8	19,3	0,8	14,9	10,7	73,7
2010	26,7	0,1	4,3	1,3	21,0	0,4	16,1	4,9	78,7
I	26,2	0,0	3,6	2,2	20,4	-	13,7	8,4	77,9
II	26,4	0,3	4,3	1,2	20,7	1,1	16,3	4,5	78,4
III	27,1	0,0	4,6	1,2	21,4	-	17,0	4,4	79,0
IV	27,1	0,2	4,5	0,9	21,6	0,7	16,6	3,3	79,7
2011	26,6	0,0	4,2	0,8	21,6	-	15,8	3,0	81,2
I	27,1	0,0	4,0	1,3	21,7	-	14,8	4,8	80,1
II	25,8	0,0	3,9	0,8	21,1	-	15,1	3,1	81,8
III	27,6	0,2	4,0	0,5	23,0	0,7	14,5	1,8	83,3
IV	26,0	0,0	5,0	0,5	20,5	-	19,2	1,9	78,8
2012	24,8	0,0	3,2	0,6	21,0	-	12,9	2,4	84,7
I	26,9	0,0	4,1	0,3	22,5	-	15,2	1,1	83,6
II	26,1	0,0	3,0	0,7	22,4	-	11,5	2,7	85,8
III	24,2	0,2	2,4	0,5	21,2	0,8	9,9	2,1	87,6
IV	22,1	0,0	3,3	0,9	18,0	-	14,9	4,1	81,4
2013	18,9	0,2	3,1	0,8	14,8	1,1	16,4	4,2	78,3
I	19,5	0,0	3,0	0,6	15,9	-	15,4	3,1	81,5
II	18,8	0,0	3,2	0,6	15,1	-	17,0	3,2	80,3
III	19,6	0,4	3,5	0,8	14,8	2,0	17,9	4,1	75,5
IV	17,5	0,4	2,7	1,0	13,3	2,3	15,4	5,7	76,0
2014	20,3	0,1	3,5	0,7	15,9	0,5	17,2	3,4	78,3
I	18,6	0,3	3,0	1,0	14,3	1,6	16,1	5,4	76,9
II	19,0	0,0	3,2	0,7	15,1	-	16,8	3,7	79,5
III	21,2	0,0	4,3	0,8	16,0	-	20,3	3,8	75,5
IV	22,3	0,2	3,7	0,2	18,2	0,9	16,6	0,9	81,6
2015	19,7	0,0	2,8	0,3	16,6	-	13,8	1,5	81,8
I	20,3	0,0	3,0	0,2	17,0	-	14,8	1,0	83,7
II	20,0	0,0	3,0	0,2	17,0	-	15,6	1,0	85,0
III	19,1	0,0	3,1	0,5	15,5	-	14,6	2,4	73,1
IV	19,4	0,0	2,2	0,3	16,8	-	9,9	1,3	75,3

Fonte: IGE

2.4.5

Tendo en conta estas limitacións, cómpre resaltar en primeiro lugar a forte caída da poboación activa no concello de Ferrol nos últimos cinco anos. O número de activos no ano 2015 situouse en torno ás 26.700, o que supón un descenso superior ao 18% (5.900 persoas) en relación ao estimado en 2010, sendo esta caída lixeiramente superior ao 5% en A Coruña e Vigo e do 2,9% en Ourense (aumenta un 9,4% en Santiago de Compostela, un 5% en Lugo e un 1,2% en Pontevedra).

A poboación ocupada no concello de Ferrol situouse en 2015 en torno ás 19.700 persoas (600 menos que no ano anterior), das que o 84,3% están ocupados no sector servizos

(16.600 persoas) fronte ao 14,2% do sector industrial (2.800 ocupados) e o 1,5% na construción (300 persoas). Ao longo dos últimos seis anos a ocupación descendeu en torno ás 7.000 persoas, o que supón unha caída do 26,2%, concentrándose en grande medida esta redución no sector servizos, cun descenso de 4.400 ocupados (21%), fronte ao descenso de 1.500 persoas na industria (34,9%) e 1.000 no sector da construción (76,9%).

No conxunto de Galicia, o sector que entre os anos 2010 e 2015 experimenta o maior descenso da ocupación, tanto en valores absolutos como relativos, foi o da construción, con 31.300 ocupados menos (-29,8%). Sé-

Informe sobre FERROL e a súa área

Taxas de actividade, ocupación e paro no concello de Ferrol 2009-2015

	Total		
	actividade	ocupación	paro
2009			
III	49,6	43,1	13,1
IV	48,3	42,2	12,6
2010	50,8	41,7	17,9
I	49,8	41,5	16,8
II	49,1	41,3	15,9
III	51,8	41,5	19,8
IV	52,3	42,4	18,9
2011	52,4	42,3	19,4
I	52,9	42,5	19,7
II	50,7	41,1	19,1
III	54,1	43,7	19,2
IV	51,9	41,8	19,4
2012	50,2	39,1	22,2
I	51,0	42,6	16,3
II	52,0	41,4	20,4
III	49,0	37,3	23,8
IV	48,9	35,0	28,5
2013	45,3	31,3	30,8
I	47,0	32,1	31,8
II	46,3	31,0	33,0
III	45,3	32,8	27,7
IV	42,4	29,4	30,7
2014	47,3	34,0	28,1
I	44,3	31,4	29,2
II	44,7	31,5	29,6
III	50,3	35,2	30,0
IV	49,9	38,0	23,8
2015	46,8	34,5	26,2
I	47,6	35,3	25,9
II	46,4	35,0	24,7
III	45,8	33,7	26,4
IV	47,2	34,0	27,9

Fonte: IGE

2.4.6.

guelle o sector primario, cunha redución de 24.500 persoas (-27,8%), o sector servizos, con 18.300 ocupados menos (-2,5%) e a industria, con 13.200 persoas menos (-7,6%). Se se compara o descenso da ocupación en Ferrol co acontecido en Galicia, os 7.000 ocupados menos representa o 8,0% da caída da ocupación en Galicia, sendo esta porcentaxe do 24% no sector servizos. No caso da industria esta porcentaxe sitúanse no 11,4% fronte aos 3,2% da construción.

A poboación asalariada descende en Ferrol ata as 16.500 persoas (1.600 asalariados menos que no ano anterior), das que 9.900 corresponden a asalariados no sector privado e os restantes 6.600 ao sector público

(1.600 menos que en 2014). Considerando o período 2010-2015, o número de persoas asalariadas descende en 7.000 persoas (-29,8%), sendo esta redución máis acusada no sector privado que no público (4.700 e 2.300 persoas menos, respectivamente). Atendendo á evolución entre os dous anos mencionados, o concello de Ferrol é quen experimenta o maior descenso entre os sete grandes concellos de Galicia en termos porcentuais tanto no caso do sector público como privado.

No que ao desemprego se refire, os datos da EPA reflicten que o paro estimado no concello de Ferrol ascendeu en 2015 a 7.000 persoas, dos que máis da metade, 3.800 parados, son homes. No período

2010-2015 o desemprego total medrou en torno ás 1.200 persoas, un 20,7%, debido ao crecemento do 58,3% no caso dos homes (1.400 parados máis) xa que se reduce un 5,9% no das mulleres (200 persoas paradas menos). Cómpre destacar o importante descenso da poboación parada experimentado no segundo trimestre de 2016, que se sitúa en 5.300 persoas (a cifra máis baixa dende o terceiro trimestre de 2010) por mor da continua caída da poboación activa e da recuperación do emprego.

O **cadro 2.4.6.** amosa que entre os anos 2010 e 2015 a taxa de paro estimada aumentou máis de oito puntos porcentuais, situándose no último ano no 26,2% no concello de Ferrol (19,3% no conxunto de Galicia). Esta medra prodúcese tanto no caso dos homes como no das mulleres, por mor do incremento do número de parados e da caída da poboación activa. No último ano analizado, a taxa de paro feminina sitúase no 25,2%, case dous puntos por baixo da estimada para os homes (27,1%).

● Paro rexistrado

O impacto negativo da crise económica e financeira no mercado de traballo tradúcese nunha medra considerable do número de parados rexistrados nas oficinas do Servizo Público de Emprego ata o ano 2013, cando se rexistran unha media anual de 20.343 persoas paradas. No ano 2015 o paro rexistrado nos concellos de Ferrol e a súa área de influencia descende ata as 17.425 persoas paradas, o que representa o 7,5% do paro rexistrado galego. Atendendo á súa distribución segundo sexos, o desemprego feminino é sempre superior ao rexistrado no caso dos homes, de xeito que no último ano da serie analizada había un total de 9.375 mulleres en paro rexistradas, 1.325 mulleres máis que homes. En termos relativos o, **cadro 2.4.7.** reflicte que o paro rexistrado aumenta entre os anos 2008 e 2015 un 34,6%, situándose esta porcentaxe no

68,8% no caso dos homes e aumentando case un 15% no das mulleres.

A devandita crise económica explica que o diferencial entre o desemprego masculino e feminino se reduza significativamente en Galicia dende o seu comezo ata o ano 2013, aumentando posteriormente coa recuperación iniciada no ano 2014. Por contra, a área de Ferrol este diferencial tan só se incrementa no ano 2015, de xeito que en 2008 había rexistradas 3.409 mulleres máis que homes nas oficinas de emprego fronte ás 454 no ano 2014 (1.327 no último ano).

Tendo en conta os valores mensuais, o **cadro 2.4.9.** amosa o factor estacional do desemprego e a similitude, con carácter xeral, da evolución en Galicia e no conxunto do ámbito territorial obxecto de estudo. Dunha banda, entre os anos 2006 e 2007 o desemprego acada os seus valores máximos nos meses de xaneiro e febreiro, en tanto que de 2009 a 2012 o mes de marzo (febreiro no caso de Ferrol en 2011) é o que presenta máis persoas rexistradas nas oficinas de emprego tanto en Galicia como en Ferrol e a súa área de influencia. Nos tres últimos anos febreiro e xaneiro voltan a acadar os valores máximos no conxunto dos concellos analizados. Doutra banda, os meses de xullo e agosto aparecen, de xeito maioritario como os meses con menor número de persoas paradas rexistradas.

Se se elimina o efecto da estacionalidade, calculando en cada mes a media dos últimos doce meses, o devandito **cadro 2.4.9.** amosa que a tendencia negativa se inverte a comezos do ano 2008 tanto en Galicia como en Ferrol e a súa área de influencia, sendo crecente a partires dese momento. Esta presenta un novo punto de inflexión a mediados de 2013 iniciando unha tendencia decrecente.

No que atinxe á taxa media de crecemento interanual, **cadro 2.4.10.**, entre novembro

Informe sobre FERROL e a súa área

Paro rexistrado 2008-15: distribución segundo sectores de actividade

Galicia									
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	15/08
Total	162.512	206.245	226.237	241.323	270.515	276.007	256.960	233.449	70.937
Agricultura/Pesca	5.025	5.579	6.080	6.456	7.712	9.021	8.844	8.454	3.429
Industria	25.353	33.149	34.752	36.853	40.234	38.878	35.323	29.675	4.322
Construción	19.736	31.826	35.723	39.417	45.305	42.893	35.591	28.903	9.167
Servizos	89.907	115.710	123.493	130.662	151.067	162.745	156.255	147.165	57.258
Sen emprego anterior	22.491	19.983	26.189	27.936	26.198	22.470	20.948	19.253	-3.238

Ferrol e a súa área de influencia

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	15/08
Total	12.944	15.507	16.916	17.745	19.759	20.343	19.238	17.425	4.481
Agricultura/Pesca	255	269	293	317	386	445	421	413	158
Industria	1.649	2.069	2.259	2.436	2.870	2.955	2.782	2.165	516
Construción	1.449	2.211	2.554	2.709	3.216	3.197	2.882	2.370	921
Servizos	6.998	8.688	9.319	9.759	10.915	11.626	11.228	10.697	3.699
Sen emprego anterior	2.592	2.275	2.496	2.532	2.372	2.124	1.925	1.782	-810


Ferrol e a súa área de influencia / Galicia

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	15/08
Total	8,0	7,5	7,5	7,4	7,3	7,4	7,5	7,5	6,3
Agricultura/Pesca	5,1	4,8	4,8	4,9	5,0	4,9	4,8	4,9	4,6
Industria	6,5	6,2	6,5	6,6	7,1	7,6	7,9	7,3	11,9
Construción	7,3	6,9	7,1	6,9	7,1	7,5	8,1	8,2	10,0
Servizos	7,8	7,5	7,5	7,5	7,2	7,1	7,2	7,3	6,5
Sen emprego anterior	11,5	11,4	9,5	9,1	9,1	9,5	9,2	9,3	25,0

Fonte: IGE

2.4.7.

Paro rexistrado 2005-15




Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE


2.4.8.

Paro rexistrado 2005-15: evolución mensual

Ferrol e a súa área de influencia



Galicia




Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE

■ 2.4.9.

de 2007 e xullo de 2012, Ferrol presenta con carácter xeral un incremento do desemprego inferior ao do conxunto de Galicia. A área de Ferrol presenta unhas taxas de variación interanuais superiores ao 20% entre febreiro e setembro de 2009, en tanto que en Galicia esta porcentaxe supera o 31%

entre marzo e xuño dese ano. Por contra, o período comprendido entre agosto de 2012 e marzo de 2015 caracterízase por un comportamento peor en relación ao do conxunto de Galicia. Dunha banda, ata setembro de 2013 o incremento do desemprego é superior ao rexistrado no mercado de traballo

Paro rexistrado 2006-15: taxa de crecemento interanual



Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE

■ 2.4.10.

galego; doutra, ao longo de todo o ano 2014 a redución do desemprego presenta unha maior intensidade en Galicia que no ámbito territorial analizado. Finalmente, cómpre destacar que dende abril de 2015 a área de Ferrol presenta con carácter xeral un descenso do desemprego maior que no conxunto da Comunidade Autónoma.


A evolución do número de parados en termos absolutos non permite percibir con claridade a importancia do problema en comparación co que acontece noutras zonas, polo que é necesario dispor dunha medida relativa, como é a da taxa de paro, que mide o peso do número de parados sobre o total de activos. Ante a inexistencia de datos desagregados a nivel municipal na Enquisa de Poboación Activa, emprégase como indicador aproximado da taxa de paro o cociente entre o desemprego rexistrado e a suma do número medio afiliacións á Seguridade Social e os parados rexistrados nas oficinas do Servizo Público de Emprego. Este indicador permitiríanos comparar o im-

pacto da crise económica no mercado de traballo galego e de Ferrol e a súa área de influencia.

A partir do **cadro 2.4.11.** se desprende que a taxa de paro, tal e como se define no parágrafo anterior, é sempre superior no caso de Ferrol e a súa área de influencia que no caso galego, alcanzando o seu valor máximo en marzo de 2013. Asemade, cómpre salientar que esta taxa é máis elevada no caso dos menores de 25 anos, e dado que a crise económica afecta máis a estas persoas, o seu incremento é moito máis acusado neste grupo de persoas. Igualmente, a taxa de paro máis elevada rexístrase no mes de marzo do ano 2013. A saída da recesión económica no segundo semestre de 2013 reflíctese nunha tendencia descendente da taxa de paro, que é moito máis acusado no caso das persoas menores de 25 anos.

Tanto no ámbito territorial obxecto de estudo como en Galicia a taxa de paro entre

Paro rexistrado xuño 2006-marzo 2016: evolución da taxa de paro



Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE

■ 2.4.11.


as mulleres é superior á dos homes, sendo este diferencial sensiblemente superior en Ferrolterra (agás en decembro de 2014 en que é inferior e marzo e setembro do mesmo ano en que a taxa de paro é similar). Por contra, se se considera a poboación menor de 25 anos, a taxa de paro feminina é con carácter xeral inferior á dos homes.

Atendendo á distribución do paro segundo grandes sectores económicos, o devandito **cadro 2.4.7.** reflicte que das case 4.500 persoas en que aumenta o paro rexistrado entre os anos 2008 e 2015, 3.699 parados pertencen ao sector servizos fronte aos máis de 920 no caso da construción e aos case 520 na industria. En termos de taxas de variacións interanuais, o sector de actividade máis afectado pola crise económica foi a construción, cun incremento medio anual do 9,1% entre os dous extremos da serie analizada, superando en dúas décimas ao sector primario, mentres que o desemprego aumenta 7,6% no sector servizos e un 4,5% no conxunto das ramas industriais.

A distribución sectorial da taxa de paro media anual, tal e como se definía anteriormente, reflicte que en Ferrol e a súa área de influencia o sector primario, os servizos e con carácter xeral a construción presentan taxas superiores á media galega, rexistrándose esta mesma situación na industria nos últimos tres anos (2013-2015). En ambos os dous casos, a máis elevada rexístrase no sector da construción, e a máis reducida no sector primario.

No concernente ao paro de longa duración, a área de influencia de Ferrol contaba en decembro de 2015 cun total de 8.243 persoas que levaban máis dun ano en situación de desemprego, o que representa o 48,8% do paro total (46,3% no conxunto de Galicia), sendo esta proporción inferior á rexistrada nos meses de decembro de 2014 e 2013. Comparado coa porcentaxe rexistrada en marzo de 2009, a máis reducida de toda a serie analizada, o peso relativo do paro de longa duración aumenta na área de influencia de Ferrol en 12,5 puntos, case catro

Contratos de traballo 2007-2015



Fonte: IGE

2.4.12.

puntos menos que na Comunidade Autónoma.

Atendendo á súa evolución dende comezo da crise cómpre destacar o incremento máis acusado en Galicia que nas tres comarcas analizadas consideradas no seu conxunto dende abril do ano 2009 ata xaneiro de 2014. En termos xerais, no ano 2014 a área de influencia de Ferrol presenta un descenso do paro de longa duración superior ao rexistrado en Galicia, en tanto que en 2015 é a Comunidade Autónoma que presenta un mellor comportamento. En decembro de 2015 o número de persoas que levan máis dun ano rexistradas nas oficinas de emprego é un 31,6% superior ao de xaneiro de 2007, fronte ao 62,2% en Galicia (23,2% e 52,9% en xuño de 2016, respectivamente).

• Contratación

O número total de contratos rexistrados nas oficinas de emprego en Ferrol e a súa área de influencia no ano 2015 ascende a 49.158, o que representa o 5,6% do total galego, dos que 47.927 contratos corres-

ponden a contratos iniciais (5,6%) e 1.231 a contratos convertidos en indefinidos (5,1%). Como reflicte o **cadro 2.4.12.**, dende o comezo da crise o volume de contratos presenta unha tendencia descendente ata o ano 2012 tanto Galicia como o conxunto dos concellos de Ferrolterra, cando acada o seu valor mínimo, iniciando en 2013 un incremento dos mesmos. A pesar desta evolución, o número de contratos rexistrados na área de Ferrol descende un 6,5% entre os anos 2008 e 2015 (3.432 contratos menos) mentres que no conxunto da Comunidade Autónoma se rexistra unha medra do 10,5% entre os dous anos considerados.

Como se aprecia no **cadro 2.4.13.**, esta caída explícase pola redución do número de contratos rexistrados na comarca de Ferrol, con 5.026 contratos menos entre 2008 e 2015 (11,5%) e, de maneira máis concreta, pola evolución experimentada no concello de Ferrol, onde a caída supera as 8.600 contratacións (29,8%). Por contra, os concellos que presentan un maior incremento son os de Narón, con 1.728 contratacións máis, se-

guido por A Capela e Cabanas, con 872 e 807 contratos máis, respectivamente.

No que atinxe ao fluxo de entrada ao emprego indefinido, sen contar as conversións, o **cadro 2.4.14.** amosa que no ano 2015 se rexistraron un total de 1.870 contratos de duración indefinida, dos que o 55,7% corresponde a homes (1.041 contratos). En relación ao ano anterior, e a diferenza do acontecido no conxunto de Galicia, o número de contratos indefinidos descende na área de Ferrol tanto no caso dos homes como das mulleres (-5,4% e -6,7%, respectivamente). Se consideramos un período de tempo máis amplo, entre os anos 2008 e 2015 o número de contratos indefinidos descende un 31,3% en Ferrol e a súa área de influencia (850 contratos), sendo esta redución máis acusada no caso dos homes que das mulleres (35,4% e 25,2%, respectivamente).

No concernente aos contratos temporais, no último aumenta considerablemente o número de contratos temporais rexistrados na área de Ferrol, que se sitúan nas 46.057 contratacións, case 5.800 contratos máis que no ano anterior (14,3%). Este incremento explícase tanto pola medra dos contratos temporais no caso dos homes como das mulleres, sendo en ambos os dous casos superior ao rexistrado no conxunto de Galicia tal e como se desprende do devandito **cadro 2.4.13.** Asemade, atendendo á distribución segundo tipo de contrato cómpre mencionar que este incremento explícase en maior medida pola evolución dos contratos de obra e servizo, con 2.652 contratos máis (13,5%) e os contratos eventuais por circunstancias da produción, con 2.041 contratos máis (14,7%).

Ao longo dos últimos oito anos o número de contratos temporais descendeu un 2,6% no conxunto dos concellos analizados, explicándose esta evolución pola caída do 12,1% do número de contratos asinados por mulleres

xa que entre os homes aumenta case un 8%. Atendendo á modalidade de contrato, o descenso máis significativo experimentase no caso dos contratos eventuais por circunstancias da produción, con 3.086 contratos menos (-16,2%) mentres que se rexistraron 1.750 contratos máis de obra e servizo (8,5%) e 571 contratos de interinidade máis (9,2%).

Atendendo á distribución comarcal, entre os anos 2008 e 2015 o número de contratos de duración indefinida e o das conversións en indefinidos descende nas tres comarcas de Ferrolterra, rexistrándose a caída máis acusada en termos relativos en Eume. Nese período de tempo, os contratos indefinidos descenden en Eume un 58,1% (287 contratos menos) e os de conversión, un 62,5% (-207 contratos). Por contra, nos contratos de duración temporal ou determinada o descenso experimentado en Ferrolterra explícase pola caída de case un 9% na comarca de Ferrol (3.408 contratos menos), aumentando en Eume un 28,5% (1.899 contratos) e máis dun 24% en Ortegal (285 contratos).

No caso das conversións en indefinidos, o seu número descende en Ferrol e a súa área de influencia un 52,5% en 2015 respecto ao de 2008 (42% en Galicia) para situarse nas 1.231, o que representa o 5,1% do total galego, sendo a súa importancia relativa lixeiramente superior no caso das mulleres (5,2%). O volume de contratacións na área de Ferrol descende tanto entre as mulleres como entre os homes, sendo esta caída do 50,1% (584 contratos menos) no primeiro caso e do 54,4% (774 contratos menos) no segundo.

Atendendo á distribución sectorial, o maior peso relativo da actividade industrial en Ferrolterra reflíctese no número de contratacións, onde a industria acolle o 16% dos contratos, fronte ao 14,3% de media en Galicia. O sector servizos é o que acolle o maior número de contratos, de xeito que de

Informe sobre FERROL e a súa área

Contratos totais rexistrados 2008-2015: distribución segundo comarcas e concellos

	2008	2014	2015	15/14	15/08
Galicia	794.170	786.193	877.834	91.641	83.664
A Coruña	343.158	326.623	363.530	36.907	20.372
Ferrol e a súa área de influencia					
Eume	7.499	7.440	8.904	1.464	1.405
Cabanas	1.071	1.340	1.878	538	807
Capela, A	123	777	995	218	872
Monfero	404	196	143	-53	-261
Pontedeume	1.700	1.559	1.846	287	146
Pontes de García Rodríguez, As	4.201	3.568	4.042	474	-159
Ferrol	43.626	34.489	38.600	4.111	-5.026
Ares	518	686	671	-15	153
Cedeira	856	974	983	9	127
Fene	1.881	1.612	2.555	943	674
Ferrol	28.909	19.037	20.290	1.253	-8.619
Moeche	65	156	194	38	129
Mugardos	672	681	724	43	52
Narón	8.740	9.013	10.468	1.455	1.728
Neda	371	991	971	-20	600
San Sadurniño	272	330	544	214	272
Somozas, As	589	273	403	130	-186
Valdoviño	753	736	797	61	44
Ortegal	1.465	1.679	1.654	-25	189
Cariño	548	535	366	-169	-182
Cerdido	99	149	149	0	50
Mañón	101	209	254	45	153
Ortigueira	717	786	885	99	168

Fonte: IGE, Estadística de contratos

2.4.13.

Galicia					
	2008	2014	2015	15/14	15/08
Total	794.170	786.193	877.834	91.641	83.664
Contratos indefinidos	46.423	39.712	40.672	960	-5.751
Contratos temporais	706.093	724.404	812.995	88.591	106.902
Conversiones en indefinidos	41.654	22.077	24.167	2.090	-17.487
Homes	410.458	417.321	463.552	46.231	53.094
Contratos indefinidos	26.269	20.897	21.334	437	-4.935
Contratos temporais	361.267	384.960	429.233	44.273	67.966
Conversiones en indefinidos	22.922	11.464	12.985	1.521	-9.937
Mulleres	383.712	368.872	414.282	45.410	30.570
Contratos indefinidos	20.154	18.815	19.338	523	-816
Contratos temporais	344.826	339.444	383.762	44.318	38.936
Conversiones en indefinidos	18.732	10.613	11.182	569	-7.550
Ferrol e a súa área de influencia					
	2008	2014	2015	15/14	15/08
Total	52.590	43.608	49.158	5.550	-3.432
Contratos indefinidos	2.720	1.990	1.870	-120	-850
Contratos temporais	47.281	40.289	46.057	5.768	-1.224
Conversiones en indefinidos	2.589	1.329	1.231	-98	-1.358
Homes	25.432	22.714	25.867	3.153	435
Contratos indefinidos	1.612	1.101	1.041	-60	-571
Contratos temporais	22.396	20.990	24.176	3.186	1.780
Conversiones en indefinidos	1.424	623	650	27	-774
Mulleres	27.158	20.894	23.291	2.397	-3.867
Contratos indefinidos	1.108	889	829	-60	-279
Contratos temporais	24.885	19.299	21.881	2.582	-3.004
Conversiones en indefinidos	1.165	706	581	-125	-584

Fonte: IGE

2.4.14.

Centros especiais de emprego en Ferrol e a súa área de influencia 2016

Concello	Centro	Actividade
Cabanas	Amil Lago Servicios Generales SL	Multiservizos (limpeza, xardinería, mantementos, publicidade...)
	Blavice Services SL	Multiservizos (limpeza, xardinería, mantementos, publicidade...)
Fene	Amilaxa Servicios Generales SL	Multiservizos (limpeza, xardinería, mantementos, publicidade...)
Ferrol	ASCM Ferrolterra SL	Servizos sociais
	Cabo Prior Suministros SL	Comercio subministracións
	Área 7 Preimpresión Técnica SL	Artes gráficas e servizos relacionados
	Fesmil SL	Multiservizos (limpeza, xardinería, mantementos, publicidade...)
Narón	Autotaxi Narón SL	Servizos anexos ao transporte de viaxeiros
	Creaciones Led SL	Instalacións eléctricas
	Globaltika Europrojects SL	Multiservizos (limpeza, xardinería, mantementos, publicidade...)
	San Mateo Estación de servicio SL	Subministración de combustibles
	Servicios Gallegos de Minusválidos SL	Multiservizos (limpeza, xardinería, mantementos, publicidade...)
	Terra Recicla SL	Xestión de residuos
Valdoviño	Servicios Jurídicos Finisterrae SLP	Servizos xurídicos

Fonte: Xunta de Galicia, *Consellería de Economía, Emprego e Industria*

2.4.15.

49.159 contratos rexistrados en 2015 o 73,8% corresponden ao sector terciario (36.300 contratos). A construción e o sector primario acollen o 8,1% (4.005) e o 2% (988) dos contratos, respectivamente.

Comparando os datos correspondentes aos anos 2008 e 2015, a redución do número de contratos rexistrados en Ferrol e a súa área de influencia (3.432 contratos menos) ven explicada pola caída no sector servizos e a construción (-3.324 e -2.820 contratos menos, respectivamente) en tanto que a industria rexistra unha medra superior a 2.500 contratos e o sector primario 200 contratos máis. No conxunto de Galicia a construción é o único sector que presenta unha redución do número de contratos rexistrados entre os dous anos considerados.

Os datos a nivel comarcal indican a maior importancia relativa do sector industrial en Eume (26,8%) por mor da actividade produtiva en As Pontes (47,3% dos contratos) e Pontedeume (22,7%). Na comarca de Ortegal salienta o peso relativo do sector primario, que acolle o 15,7% da contratación da comarca, influenciado polo seu peso no concello de Cariño (43,4% das súas contratacións).

• Centros especiais de emprego

Para finalizar, cómpre facer referencia aos centros especiais de emprego pola súa importancia desde un punto de vista social e do emprego.

Estes centros son iniciativas empresariais que combinan a inserción laboral das persoas con discapacidade (grao de minusvalía igual ou superior ao 33%). A súa estratexia e organización é similar ás das empresas ordinarias.

Como se observa no cadro 2.4.15., en Ferrol e a súa área de influencia hai 14 centros especiais de emprego en funcionamento, dos que catro son recoñecidos como centros "sen ánimo de lucro". Segundo a súa actividade, case a metade dos centros dedícanse a multiservizos, é dicir, limpeza, xardinería, mantementos, publicidade, etc. □